

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 23 de febreiro de 2004**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Antonio Coello Bufill  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. José Manuel Couto Pérez  
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta e cinco minutos do día vintetrés de febreiro de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Esta presente a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(169).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión do 9 de febreiro de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(170).- SENTENCIA DO TSXG NO R.C.A. Nº 01/001/03 INTERPOSTO POR D. ANTONIO VIVERO MIJARES CONTRA RESOLUCIÓN DO ALCALDE DE 22.01.03 EN RELACIÓN COA RECUSACIÓN DE MEMBRO DE TRIBUNAL DE OPOSICIÓN PARA PRAZA DE SUBOFICIAL DA POLICÍA LOCAL. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 4.02.04 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Que debemos desestimar e desestimamos o recurso contencioso-administrativo de Dereitos Fundamentais deducido por D. Antonio Vivero Mijares contra resolucións da Alcaldía do Concello de Vigo de vintedous de xaneiro de dous mil tres, declaratoria da inadmisibilidade do recurso de reposición formulado contra resolución de dezaoito de decembro de dous mil dous, esta sobre denegación de causa de recusación e desestimación de reclamación sobre valoración de terceiro dos exercicios na proba de autos; sen facer pronunciamento respecto ó pagamento das custas devengadas na substanciacións do procedemento.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

**3(171).- SENTENCIA DO TSXG NO R.C.A Nº 02/4952/00 INTERPOSTO POR D. JOSE LUIS RODRÍGUEZ PEREIRA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DO CONCELLO DE VIGO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 30.01.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictada no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Estimamo-lo recurso contencioso-administrativo interposto por D. José Luis Rodríguez Pereira contra a desestimación presunta do Concello de Vigo da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polo actor, en relación cos danos sufridos en vehículo matrícula PO-7692-AX o día 18.10.98, como consecuencia de ceder un rexistro da rede de sumidoiros na rúa Areosa, desestimación que declaramos contraria a dereito, polo que condenamos á Administración demandada a que lle aboe por dito concepto a cantidade de 110.807 ptas., incrementada cos xuros sinalados no artigo 106 da Lei xurisdiccional. Non se fai imposición de custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**4(172).- SENTENCIA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4613/00 INTERPOSTO POR CGM COMERCIAL S.L. CONTRA RESOLUCIÓN DE 22.02.00 DO CONCELLO DE VIGO DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE DANOS POR EXECUCIÓN DE OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE COLECTORES NA AVDA. MADRID. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 22.01.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, interposto contra resolución do Concello de Vigo de 22.02.00, desestimatoria da reclamación indemnizatoria formulada polo recorrente con ocasión da execución das obras de substitución de colectores na avda. de Madrid e a tamén desestimación por silencio da indicada reclamación dirixida así mesmo contra a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulidos. A sentenza falla o seguinte:

“Desestimamo-lo recurso contencioso-administrativo interposto por D. GCM. Comercial S.L. contra resolución do Concello de Vigo de 22.02.00 en expte. 12542/240 e contra a empresa de servicios hidráulicos en virtude de silencio administrativo sobre indemnización por danos económicos causados por obras de substitución de colectores de auga. Non se fai imposición de custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**5(173).- SENTENCIA DO TSXG NO R.C.A. Nº 03/7337/2000 INTERPOSTO POR PLANNER PROCELTHA S.L. CONTRA RESOLUCIÓN DE 8.06.99 SOBRE LIQUIDACIONES POR UTILIZACIÓN DO RECINTO FEIRAL DE COTOGRANDE. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 30.01.04 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Que estimamo-lo recurso contencioso-administrativo interposto por Planner Proceltha S.L. contra resolución de 8.06.99 sobre liquidacións efectuadas en expedientes números 30795/510/99/1 e 30796/510/99/1 por importes relativos á utilización do recinto Cotogrande, Feria Construcción do Excmo. Concello de Vigo, e, en consecuencia, anulados a expresada resolución por ser contraria a dereito; sen facer especial pronunciamento sobre custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**6(174).- SENTENCIA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4654/1999 INTERPOSTO POR D. TOMÁS DIAZ GONZALEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE PETICIÓN REALIZADA O 24.03.99, EN RELACIÓN COA INSTALACIÓN DUN COLECTOR NA PARROQUIA DE ALCABRE.ESTIMADO PARCIALMENTE.**

Dáse conta da sentenza de data 23.01.04 dictada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, interposto contra desestimación por silencio administrativo de reclamación formulada por D. Tomás Díaz González contra o Concello de Vigo pola instalación dun colector do servizo municipal de augas atravesando unha finca de propiedade do recorrente, sen autorización, expropiación ou constitución de servidume forzosa. A Sentencia falla o seguinte:

“Que debemos estimar e estimamos en parte a demanda formulada por D. Rafael Pérez Lizarriturri, actuando en nome e representación de D. Tomás Díaz González, contra a desestimación presunta da petición formulada o 24.03.1999, anulando a mesma e condenando ó Concello de Vigo a que proceda a indemnizar ó recorrente na cantidade que se acredite en execución de sentenza polo valor do

terreo da súa finca sita na parroquia de Alcabre, de conformidade co establecido no fundamento xurídico quinto da presente sentenza, todo iso sen facer expresa imposición de custas a ningunhas das partes.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**7(175).- SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 352/2002 INTERPOSTO POR Dª AUREA SOTO LAGO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECURSO CONTRA ORDE DA XERENCIA DE URBANISMO DE 15.04.02 SOBRE OBRIGAS LABORAIS. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 11.02.04 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia interposto por Dª Aurea Soto Lago contra Orde da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo de 15.04.02 (fundamentada no acordo adoptado polo Pleno do Concello de Vigo con data 25.03.02, publicado no BOP de data 9.04.02, polo que se aproba definitivamente a guía de funcións para os postos dos grupos de titulación C, D e E) pola que se lle reiteran obrigas laborais. A Sentencia falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Dª. Aurea Soto Lago contra desestimación presunta polo Concello de Vigo do recurso interposto pola recorrente fronte á Orde da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, de data 15.04.02, na cal se reitera á recorrente a súa obriga de realizar “as inspeccións que lle son encomendadas”, acto que confirmo por entendela axustado a Dereito. Sen custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**8(176).- SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 146/2003 INTERPOSTO POR D. JOSÉ NOVOA IGLESIAS, EN RELACIÓN CON DILIXENCIA DE EMBARGO DE SALARIOS E PENSIÓN POR IMPAGO DE IAE, LIXO INDUSTRIAL E ENTRADA DE VEHÍCULOS-ANO 1995. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 4.02.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por D. José Novoa Iglesias contra resolución de 6.03.03 do Tesoureiro do Concello de Vigo que desestima o recurso de reposición interposto polo recorrente fronte á resolución de data 5.03.01 pola que se lle notifica unha dilixencia de embargo de soldos, salarios e pensións, actos que declaro axustados a Dereito. Sen custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**9(177).- SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 165/2003 INTERPOSTO POR Dª MARIA DOLORES GIL GANDARA EN RELACIÓN CON PROVIDENCIA E DILIXENCIA DE EMBARGO POR IMPAGO DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA-ANO 1995. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de dta 4.02.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por María Dolores Gil Gándara contra resolución de 10.02.03 do tesoureiro do Concello de Vigo que desestima o recurso de reposición interposto contra providencia e dilixencia de embargo de data 30.12.02, en relación co imposto sobre vehículos de tracción mecánica do exercicio 1995; actos que declaro axustados a dereito. Sen custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**10(178).- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 15/7661, 13/30607, 13/30711, 13/24571, 5/30826, 41/30648 E 41/30725 DE 301.**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das traballadoras sociais e de acordo cos informes proposta do xefe do Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda dar de alta no Servicio ás seguintes persoas:

- Carmen Pazos Pérez. Expte. 15/7661.
- Carmen Arosa Barreiro. Expte.13/30607.
- Rosa Fernández Reboreda. Expte. 13/30711.
- Justa Soto Quinteiro. Expte. 13/24571.
- Mª Victoria Vidal González. Expte. 05/30826.
- José Carlos Lorenzo Comesaña. Expte. 41/30648.
- Antonio Alvarez Escudero. Expte. 41/30725.

**11(179).- BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS ÁS ASOCIACIÓNS DE INTERESE SOCIAL-ANO 2004. EXPTE. 10713/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 12.02.03, o informe de fiscalización do 18.02.04 e o documento contable A por importe do gasto que se propón realizar, o informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 9.02.04, conformado polo

xefe de Sector de Acción Social e o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, e vista a dilixencia do xefe de Sector de Acción Social do 19.02.04, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aproba-las bases da convocatoria de subvencións do ano 2004 destinadas as asociacións de interese social .

2º.- Aprobar igualmente, o período de solicitudes de subvenciones que serán, dende o día 11 de marzo ata o 31 de marzo de 2004.

3º.- Autorizar a difusión das convocatorias na prensa local, como medio de información para tódalas asociacións e centros interesados.

4º.- Destinar para iso a cantidade de 66.000 €. correspondente á partida de 313.00. 489.00.00.

#### *CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL*

*O Departamento de Benestar Social ten entre os seus obxectivos a potenciación do tecido asociativo no ámbito dos Servicios Sociais.*

*Para iso, e co fin de optimiza-los recursos, fórmulanse as seguintes*

#### *BASES*

*PRIMEIRA.- As presentes bases establécense de acordo coa Base 38 das de Execución do Orzamento e o Regulamento de Subvencións en todo aquilo que non contradiga o previsto na Lei 39/88 en materia de subvencións, co obxecto de subvencionar-lo mantemento e as actividades de centros e asociacións de carácter social e, de protección de minorías, familias, menor, etc., ou de calquera outra que teñan por ámbito de actuación as áreas contempladas no artigo 5º de Lei 4/93, de 14 de abril, de Servicios Sociais de Galicia.*

*As entidades solicitantes serán de ámbito local. No caso de non selo , valorarase a incidencia da súa actividade e presenza no termo municipal.*

*SEGUNDA.- Á presente convocatoria de subvención poderán presentarse todas aquelas asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións en calquera dos apartados de interese social sempre que a solicitude do programa a desenvolver se realice na cidade de Vigo dentro do ano en curso e repercuta sobre un dos colectivos previstos de atención desde os Servicios Sociais, quedando excluídos todos aqueles programas de carácter social que xa contan con cunha convocatoria específica.*

*TERCEIRA.- Dos programas ou actividades subvencionables exclúense as seguintes:*

*a) Actividades propias dos clubs deportivos non integrado por efectos dalgunha doenza*

- b) *Actividades de carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional.*
- c) *As actividades que teñan canle específico de subvención por parte doutros sectores do Concello.*
- d) *Os gastos xerais de adquisición de patrimonio.*

*CUARTA.- Para a presente convocatoria cóntase cun orzamento de 66.000.- € da partida de 3130 4890000 do programa de Benestar Social.*

*QUINTA.- As subvencións de Benestar Social terán como obxectivos e finalidades fundamentais:*

- a) *Dotar a estes centros de entidade suficiente para desempeña-la súa labor, optimizando os recursos.*
- b) *Favorece-la creación dun tecido social necesario para a participación das e dos cidadáns.*
- c) *Favorece-las actividades ou programas que contemplan ou substitúan as accións que desenvolvan os propios servicios sociais municipais.*

*SEXTA.- Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións, serán:*

- a) *A calidade da actividade ou programa proposto.*
- b) *O ámbito de aplicación da actividade, colectivo de poboación participante ou número de beneficiarios, así como o interese social.*
- c) *As formas de participación dos solicitantes na actividade.*
- d) *A duración do programa ou actividade*
- e) *O que supoña complemento ás actividades ou programas dos propios servicios municipais.*

*SÉTIMA.- As solicitudes de subvención presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello, nos impresos normalizados, no prazo da convocatoria que será dende o día 11 ata 31 de marzo ambos inclusive.*

*OITAVA.- Os solicitantes das subvencións aportarán, no prazo que se indique, os datos complementarios precisos que se lle requiran para aclara-la viabilidade dos programas de actividades.*

*Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos, o interesado será requirido para que, no prazo de dez días, corrixa as faltas e aporte os documentos necesarios. De non face-lo desestimarase a súa petición.*

*NOVENA.- A resolución das solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local , dacordo co estipulado nas presentes bases de convocatoria, bases de execución do orzamento municipal e na normativa sobre as subvencións, tras os informes-proposta preceptivos.*

*As subvencións concedidas en anos anteriores non poden ser invocadas como precedente.*

*DÉCIMA.- As solicitudes de subvención formalizaranse exclusivamente nos impresos normalizados, cumprimentando tódolos apartados, podendo engadi-la documentación que se considere conveniente.*

*Aportaranse os seguintes documentos:*

- *Fotocopia do NIF compulsada.*
- *Fotocopia de concesión de número de rexistro de entidade prestadora de Servicios Sociais, da Consellería de Sanidade Servicios Sociais ou de Familia, segundo proceda, da Xunta de Galicia.*
- *Certificación bancaria que incluírá ó titular da conta –que deberá coincidir coa Asociación solicitante-, número de conta, nome da entidade e dirección completa.*
- *Certificación de estar ó corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, no caso de ter persoas contratadas e declaración xurada no caso contrario*

- Certificación de estar ó corrente nas súas obrigas fiscais. (Axencia Tributaria).
- Certificación de estar ó corrente nas súas obrigas tributaria ante o Concello de Vigo.

*DÉCIMO PRIMEIRA.-Ss solicitantes de subvención quedan obrigadas a:*

- *Estar o corrente dos pagos das taxas e impostos municipais no momento da solicitude o non figurar no rexistro de contribuínte.*
- *Cumprir tódalas estipulacións establecidas nestas bases e na normativa aplicable.*
- *Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas ou actividades subvencionadas.*
- *Dispoñer dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como da cobertura da responsabilidade civil correspondente.*
- *Abona-las taxas, impostos, dereitos e tódolos gastos derivados da realización da actividade para a que se solicita a subvención.*
- *Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.*
- *Admiti-la presenza de persoal municipal para a avaliación da actividade.*
- *En tódalas publicacións, referencias de prensa, etc., a que de lugar la actividade subvencionada, indicarse a colaboración da Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- A subvención outorgada á actividade presentada ó amparo desta convocatoria no apartado de mantemento non poderá excede-lo 50% do custo total No apartado de actividades poderase subvencionar unha actividade concreta co importe total desta..*

*DÉCIMO TERCEIRA.- O pago da subvención efectuarase mediante transferencia bancaria unha vez realizada a actividade. Para iso deberán presenta-la seguinte documentación:*

*No caso de mantemento presentará: Solicitude de liquidación da subvención concedida.*

- *Facturas orixinais polo importe da subvención concedida e acreditativas do gasto.*
- *No caso de actividades*
- *Informe da/ actividades obxecto de subvención.*
- *Facturas orixinais polo importe da subvención concedidas acreditativa do gasto.*

*DÉCIMO CUARTA.- A xustificación das subvencións outorgadas polo Concello deberán presentarse en todo caso antes do 30 de novembro de 2004.*

*DÉCIMO QUINTA.- Tódalas entidades beneficiadas pola concesión de subvencións comprométense a colaborar co Concello en calquera campaña ou programa de sensibilización que se promova pola Concellería de Benestar Social.*

*DÉCIMO SEXTA.- O prazo de presentación de solicitudes de subvención establecece por acordo da Comisión Municipal de Goberno.*

## **12(180).-BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ASOCIACIONES ESPECIFICAS DAS PERSOAS MAIORES-ANO 2004. EXPTE. 10714/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 12.02.03, o informe de fiscalización do 18.02.04 e o documento contable A por importe do gasto que se propón realizar, o informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 9.02.04, conformado polo



xefe de Sector de Acción Social e o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, e vista a dilixencia do xefe de Sector de Acción Social do 19.02.04, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aproba-las bases da convocatoria de subvencións do ano 2004 destinadas as asociacións de interese social .

2º.- Aprobar igualmente, o período de solicitudes de subvenciones que serán, dende o día. 11.03.2004 ata o 31.02.2004.

3º.- Autoriza-la difusión das convocatorias na prensa local, como medio de información para tódalas asociacións e centros interesados.

4º.- Destinar para iso a cantidade de 66.000 €. correspondente á partida de 313.00. 489.00.00.

*BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN DESTINADAS A ASOCIACIÓNS ESPECÍFICAS DAS PERSOAS MAIORES- ANO 2004.*

*PRIMEIRA.- As presentes bases establécense en función da normativa sobre subvencións de acordo coa Base 38 das de Execución do Orzamento e o Regulamento de Subvencións en todo aquilo que non contradiga o previsto na Lei 39/88 en materia de subvencións, co obxecto de subvencionar los programas de actividades de asociacións de persoas maiores inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e que formaN parte do Consello Municipal das persoas maiores para desenvolvelos durante o ano 2004.*

*SEGUNDA.- As subvencións de Benestar Social específicas para maiores terán como obxectivos e finalidades fundamentais:*

- *a potenciación do tecido social de maiores*
- *a realización de programas e actividades socioculturais, recreativas e sociais que eleven a calidade de vida dos propios interesados .*

*TERCEIRA.- O ámbito de desenvolvemento destas bases é específico para as ASOCIACIÓNS DE MAIORES, e será un requisito imprescindible estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e formar parte do Consello Municipal das persoas maiores*

*As entidades solicitantes serán de ámbito local. No caso de non seren así, valorarase a incidencia da súa actividade no termo municipal.*

*CUARTA.- Para a presente convocatoria cóntase con un orzamento de 18.000- € da partida 3130.4890000 Subvencións ás Asociacións, do orzamento municipal para o 2004.*

*QUINTA.- Dos programas ou actividades subvencionables exclúense as seguintes:*

- e) *Actividades propias dos clubEs deportivos non integrados por persoas maiores.*
- f) *Actividades de carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional.*
- g) *As actividades que teñan canle específico de subvención por parte doutros sectores do Concello.*
- h) *Os gastos xerais, de administración, xestión, funcionamento, adquisición de patrimonio, mantemento ou alugamento de local social.*

*SEXTA.- Non poderán acollerse a estas bases de convocatoria os seguintes tipos de solicitantes:*

- a) *As persoas físicas ou xurídicas con ánimo de lucro.*
- b) *As Administracións Públicas, así como as entidades ou unidades que dependen orgánica ou orzamentariamente delas en calquera aspecto.*
- c) *As persoas físicas ou xurídicas que non teñan como obxectivo nos seus Estatutos especificamente a realización de actividades ou programas de persoas maiores.*
- d) *En xeral, as persoas físicas ou xurídicas que non cumpran cos requisitos indicados nestas bases ou na normativa xeral.*

*SÉTIMA.- Os criterios que se analizaran para a concesión das subvencións, serán:*

- f) *A calidade da actividade ou programa proposto.*
- g) *O ámbito de aplicación da actividade, colectivo de poboación participante ou número de beneficiarios, así como o interese social.*
- h) *As formas de participación dos solicitantes na actividade.*
- i) *A duración do programa ou actividade.*

*OITAVA.- As solicitudes de subvención presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello, nos impresos normalizados, dende o día 11 de marzo ata o 31 de marzo de 2004 .*

*NOVENA.- Os solicitantes das subvencións aportarán, no prazo que se indique, os datos complementarios precisos que se lle requiran para aclarar-la viabilidade dos programas de actividades.*

*Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos, o interesado será requirido para que, no prazo de dez días, corrixa as faltas e aporte os documentos necesarios. De non face-lo desestimarase a súa petición.*

*DÉCIMA.- A resolución das solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, de acordo co estipulado nas presentes bases de convocatoria, bases de execución do orzamento municipal e na normativa sobre as subvencións, tralos informes-proposta preceptivos.*

*As subvencións concedidas en anos anteriores non poden ser invocadas como precedente.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- As solicitudes de subvención formalizaranse exclusivamente nos impresos normalizados, cumprimentando tódolos apartados, podendo engadir-la documentación que se considere conveniente.*

*Aportaranse os seguintes documentos:*

*No caso de tratarse de nova asociación*

- *Fotocopia do NIF compulsada.*
- *Certificación bancaria que incluíra ó titular da conta –que deberá coincidir coa Asociación solicitante-, número de conta, nome da entidade e dirección completa.*
- *Proxecto de actividade acompañado do seu correspondente orzamento*
- *Certificación do inscrición no rexistro municipal de asociacións*
- *Certificación da secretaria do Consello das persoas maiores acreditando que forma parte no citado órgano.*
- *Certificado de estar al corrente no pagos dos impostos e taxas municipais, así como de tódalas obrigas tributarias ante a Delegación de Facenda e a Seguridade Social no seu caso.*

*No caso de ser unha asociación subvencionada por este Concello en anos anteriores soamente presentara:*

*Proxecto de actividade acompañado do seu correspondente orzamento*

*DÉCIMO SEGUNDA.- As solicitudes presentadas fora do prazo estipulado pola Comisión Municipal de Goberno – que se fará publico pola súa inserción nos medios de comunicación local-, serán desestimadas automaticamente.*

-

*DÉCIMO TERCEIRA.- As entidades solicitantes de subvención quedan obrigadas a:*

- *Cumprir tódalas estipulacións establecidas nestas bases e na normativa aplicable.*
- *Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas ou actividades subvencionadas.*
- *Dispoñer dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como da cobertura da responsabilidade civil correspondente.*
- *Abona-las taxas, impostos, dereitos e tódolos gastos derivados da realización da actividade para a que se solicita a subvención.*
- *Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.*
- *Admiti-la presenza de persoal municipal para a avaliación da actividade.*
- *En tódalas publicacións, referencias de prensa, etc., a que dé lugar a actividade subvencionada, indicarse a colaboración da Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.*
- *Estar ó corrente no pago dos impostos e taxas municipais, así como de tódalas obrigas tributarias e de Seguridade social no seu caso*

*DÉCIMO CUARTA.- A subvención outorgada á actividade presentada ó amparo desta convocatoria poderá cubrir ata o 100% da mesma.*

*DÉCIMO QUINTA.- O pago da subvención efectuarase mediante transferencia bancaria unha vez realizada a actividade. Para elo deberan presenta-la seguinte documentación:*

- *Solicitude de liquidación da subvención concedida.*
- *Memoria da actividade obxecto de subvención cos seguintes datos:*
  - *Participantes*
  - *Explicación do desenvolvemento.*

- *Memoria de prensa e publicacións.*
- *Relación de ingresos e gastos, achegando facturas orixinais.*
- *Calquera outra que solicite o Concello.*

*DÉCIMO SEXTA.- A xustificación das subvencións outorgadas polo Concello deberán presentarse en todo caso antes do 30 de novembro de 2004.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- Tódalas entidades beneficiadas pola concesión de subvencións comprométense a colaborar co Concello en calquera campaña ou programa de sensibilización que se promova pola Concellería de Benestar Social.*

*DÉCIMO OITAVA.- O prazo de presentación de solicitudes de subvención establecece por acordo da Comisión Municipal de Goberno.*

**13(181).-SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN MARCO POR IMPORTE DE 751.265 € PARA CUBRIR GASTOS CORRENTES ORIXINADOS POLO FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES DO MESMO. EXPTE. 8183/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 9.02.04, conformado polo concelleiro-delegado de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

*Por parte da dirección da Fundación MARCO, a través dun escrito presentado no Rexisto Xeral do Concello o 29 de xaneiro de 2004, solicítase ó Concello de Vigo unha achega de 751.265 € para o actual exercicio económico.*

*Xunto coa solicitude preséntase a seguinte documentación:*

- *Documentación básica prevista na Base 38ª de execución do Concello de Vigo: certificación da Tesourería do Concello de atoparse ó corrente das obrigas fiscais co Concello; certificación da Tesourería territorial da Seguridade Social de atoparse ó corrente das súas obrigas; certificado da Axencia Tributaria de estar ó corrente das súas obrigas fiscais.*
- *Orzamento de ingresos e gastos correspondentes ó exercicio económico 2004, de acordo co previsto no Artigo 30 dos Estatutos da Fundación MARCO; ademáis do proxecto de actividades e funcionamento para o actual exercicio.*
- *Proxecto de actividades para 2004.*
- *Memoria de actividades de 2003.*
- *Certificación do secretario da Fundación Marco relativa á aprobación de orzamentos da Fundación Marco para 2004 e a previsión das aportacións ó Marco por parte das entidades fundadoras.*

*O Pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002 acordou participar na Fundación MARCO como entidade fundadora e achegarlle determinadas contías entre as que figura a de 900.150 € durante o exercicio económico de 2003. Tamén acordou o Pleno aprobalos Estatutos da Fundación MARCO que no seu artigo 27*

aborda o financiamento dos gastos derivados do seu funcionamento e as contías que aportan as catro entidades fundadoras en 2002 e 2003. O apartado 4 do citado artigo 27 establece que a partir do ano 2004 reconsideraranse as achegas destes entidades en función do presuposto anual, debendo cubrir como mínimo o 75% dos gastos correntes orixinados polo funcionamento e as actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

Na certificación do secretario da Fundación Marco sobre acordo da sesión do 2 de decembro de 2003, indícase que as aportacións das entidades fundadoras para 2004 serían:

▪ Concello de Vigo	751.265 €
▪ Caixanova	600.000 €
▪ Xunta de Galicia	450.000 €
▪ Deputación P. de Pontevedra	150.253 €

No presuposto de gastos do Concello de Vigo de 2003 dispuxérase da partida 4510.489.00.03 “Aportación Fundación MARCO” cunha dotación de 900.150 €; que actualmente figura no presuposto prorrogado.

A directora da Fundación Marco solicita unha contía de 751.265 € para 2004, que é a mesma que figura na previsión do seu Padroado como aportación do Concello. Seguindo indicacións do concelleiro da Área de Asuntos Sociais no documento de proxecto de presuposto para 2004 esta xefatura reseñara unha dotación de 752.000 € como aportación do Concello de Vigo á Fundación Marco.

No acordo plenario de aprobación de Estatutos da Fundación MARCO non se establece un procedemento específico para a xestión desta subvención polo que se considera que haberá que tomar como referencia o establecido na Base 38ª (“Subvencións”) de execución do Presuposto do Concello de Vigo aprobadas polo Pleno da Corporación municipal e para os seguintes exercicios económicos o que estableza a Lei 38/2003 de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003, num. 276), Lei Xeneral de Subvencións.

A documentación presentada pola Fundación Marco parece axeitada para acreditar o cumprimento dos seus fins e actividade, polo que por parte do Concello se deberá outorgala subvención á Fundación Marco, prevista no artigo 27 dos seus Estatutos (aprobados polo Pleno do Concello de Vigo o 29 de xullo de 2002) para o exercicio económico do 2004. Por outra parte o plano de pagos que propón a directora parece axeitado para facilitar o funcionamento do MARCO: 250.422 € cada un antes do 30 de marzo, antes do 30 de xullo e antes do 30 de outubro de 2004.

O órgano de resolución do acordo de concesión da subvención é a Xunta de Goberno Local; polo que trala conformidade do concelleiro-delegado dea Área de Asuntos Sociais e do informe da Intervención Xeral Municipal faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“1. Que se outorgue á Fundación MARCO, CIF G36909885, unha subvención de 751.265 € (setecentos cincuenta e un mil douscentos sesenta e cinco euros), con cargo á partida 4510.489.00.03 “Aportación á Fundación MARCO” do actual presuposto municipal (o prorrogado do exercicio económico 2003), como cota do Concello para cubrilos gastos correntes orixinados polo funcionamento e as actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

“2. Que se estableza un calendario de pagamento da subvención en 3 achegas de 250.421 € cada unha a transferir á conta 2080-0000-78-0040277917, antes do 30 de marzo, 30 de xullo e 30 de outubro de 2004.

O informe-proposta está conformado pola interventora xeral e consta no expediente documento contable AD polo importe do gasto que se propón realizar.

#### Acordo

A Xunta de Goberno de conformidade co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, acorda:

1º.- Outorgar á Fundación MARCO, CIF G36909885, unha subvención de 751.265 € (setecentos cincuenta e un mil douscentos sesenta e cinco euros), con cargo á partida 4510.489.00.03 “Aportación á Fundación MARCO” do actual presuposto municipal (o prorrogado do exercicio económico 2003), como cota do Concello para cubrilos gastos correntes orixinados polo funcionamento e as actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

2º.- Establecer un calendario de pagamento da subvención en 3 achegas de 250.421 € cada unha a transferir á conta 2080-0000-78-0040277917, antes do 30 de marzo, 30 de xullo e 30 de outubro de 2004.

#### **14(182).-PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVIGO E Á SÚA ÁREA PARA SUBVENCIONAR CON 36.000 € AS ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES DURANTE O ANO 2004. EXPTE. 8179/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.02.04, o documento contable AD polo importe do gasto que se propón realizar, o informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 5.02.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e a interventora xeral, e a proposta do 13.02.03 do citado concelleiro, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Outorgar unha subvención á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF G36745396, por importe de 36.000 (trinta e seis mil euros) para o financiamento da actividade do Instituto de Estudos Vigueses correspondente ó ano 2004; o importe da subvención supón o 61,86% do presuposto total do programa. A financiación da subvención aplicaríase á partida 4510.489.00.00 “Transferencia a empresas sen ánimo de lucro” do vixente presuposto municipal.

2º.- Aproba-lo texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Provigo e a súa Área que regula o desenvolvemento da subvención outorgada.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, RELATIVO Á DOTACIÓN PARA O FUNCIONAMENTO DO O INSTITUTO*

En Vigo, a --- de ----- de dous mil catro.

#### REUNIDOS

Dunha parte, D. Ignacio López-Chaves Castro na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais, en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, e con enderezo na praza do Rei s/nº, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. Ramón Díaz del Río Jaúdenes, na súa calidade de Director Xerente da FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF G36745396, e con enderezo na Praza de Compostela, 22 baixo, 36201 de Vigo, que no sucesivo se denominará A FUNDACIÓN.

#### MANIFESTAN

1. O Concello de Vigo, a Fundación Provigo e a súa Área e o Instituto de Estudos Vigueses O INSTITUTO (en aditante o INSTITUTO) asinaron convenios de colaboración o 14 de setembro de 1994 e o 9 de maio de 2001 nos que definían as dependencias e medios cos que ía desenvolvero seu labor o mencionado O INSTITUTO.
2. Coa finalidade de facilitar que o O INSTITUTO poida desenvolvero seu labor no ano 2004 as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración en concepto de subvención para o seu funcionamento.
3. D. Ignacio López-Chaves Castro, actúa na súa calidade de Concelleiro-Delegado, de acordo coa resolución da Alcaldía do 2 de xaneiro de 2004 sobre competencias delegadas e D. Ramón Díaz del Río actúa na súa calidade de Director Xerente conforme á escritura de apoderamento outorgada o 18 de xullo de 1996 pola Fundación Provigo e a súa Área.

En consideración ó antes exposto, o CONCELLO e a FUNDACIÓN establecen a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes

#### CLAÚSULAS

##### PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio suscríbese co obxecto de subvencionalo programa de actividades e funcionamento do O INSTITUTO, órgano cultural da Fundación, correspondente ó ano 2004, que se detalla no Anexo. As liñas xerais do programa consisten na edición de publicacións, a edición dunha web, o desenvolvemento dun proxecto de creación dun Centro de Documentación da Historia de Vigo e a realización dun ciclo de conferencias.

##### SEGUNDA.- Presuposto e financiamento.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a 58.195 €. O INSTITUTO financiará o seu programa do seguinte xeito:

- a) 6.000 € por venda de libros
- b) 16.195 € por convenios, colaboracións ou subvencións
- c) 36.000 € (trinta e seis mil euros) con cargo ó presuposto do Concello de Vigo, partida 4510.489.00.00 "Transferencia a entidades sen ánimo de lucro" do vixente presuposto municipal.

##### TERCEIRA.- Datas e lugares.

O O INSTITUTO establecerá as datas e lugares concretos das actividades do seu programa e as comunicará á Concellería da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo, cunha antelación mínima de 15 días.

CUARTA.- Mecanismo de asistencia técnica. Obrigas do INSTITUTO

1. Cumprilo programa obxecto deste convenio; comunicando, con antelación, á Concellería da Área de Asuntos Sociais os cambios que se poideran producir, así como as indicencias durante o desenvolvemento da programación.
2. Asumir tódolos gastos e pagamentos relativos á totalidade do desenvolvemento do programa.
3. Incorporalos anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima.
4. Entregar á Concellería da Área de Asuntos Sociais 20 (vinte) exemplares das publicacións que se realicen durante o ano 2004; con carácter especial este fondo podería ampliarse para afrontar compromisos institucionais do Concello se se solicitan pola Alcaldía en escrito razonado.
5. Completar o fondo editorial do INSTITUTO na Biblioteca Central, na da Casa Galega da Cultura, Museo de Castrelos e Arquivo Municipal; no caso que o fondo estivese incompleto nestes organismos.
6. Emitilos informes que se lle poidan requirir pola concellería de Asuntos Sociais ou a Alcaldía sobre asuntos locais, en particular sobre a xustificación de inclusión ou cambios de nomes no rueiro da cidade.
7. Presentar no CONCELLO unha memoria-avaliación do programa obxecto deste convenio, xunto coa liquidación do pagamento da subvención e como máximo dentro dos 30 días seguintes á finalización do programa de actividades.

QUINTA.- Mecanismos de asistencia técnica. Obrigas do Concello de Vigo-Concellería da Área de Asuntos Sociais.

1. Realizalo seguimento do desenvolvemento do programa do O INSTITUTO e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionalo pagamento do importe da subvención, tralo cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- Mecanismos de coordinación ou actuación conxunta. Unidade xestora.

O seguimento da execución do convenio realizarase pola unidade de Cultura adscrita á concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais.

SÉTIMA.- Difusión.

A produción de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas integramente pola FUNDACIÓN. O deseño gráfico exterior deberá ser enviado previamente ó departamento de Cultura.

O anagrama-logotipo do Concello de Vigo-Concellería da Área de Asuntos Sociais (Cultura) figurará debidamente nas publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do CONCELLO, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía aportada por cada unha delas.

OITAVA.- Forma de pagamento da subvención.

O CONCELLO aboará á Fundación Provigo e a súa Área o importe da subvención a través de transferencia bancaria á conta 2080-0000-73-0040233285 da que é titular A FUNDACIÓN. O pagamento tramitarase durante o ano 2004 do seguinte xeito:

- Ata un 25% durante o mes de maio.
- Ata un 50% durante o mes de outubro.
- Ata un 25% durante o mes de decembro, xunto coa liquidación do convenio.

Para o trámite dos pagamentos da subvención A FUNDACIÓN deberá achegala seguinte documentación: unha solicitude de pagamento, a través do Rexistro Xeral do Concello, para cada unha das fraccións; un informe sobre o funcionamento e actividades realizadas polo INSTITUTO, acompañado das facturas orixinais



correspondentes á contía da que se solicita pagamento. Os pagamentos parciais e a liquidación deberán contar cos informes favorables de técnicos da unidade de seguimento do convenio e do concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais.

Para a liquidación do último pagamento da subvención, ademais da documentación citada no parágrafo anterior presentarase unha memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento do INSTITUTO, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- a) datos sobre os participantes nas actividades,
- b) memoria de prensa,
- c) relación definitiva de ingresos e gastos, clasificada por actividade ou grupo de actividades e por funcionamento (concepto, acreedor e importe);
- d) detalle do balance económico das actividades e funcionamento: gastos.- facturas orixinais polo importe subvencionado; ingresos.- detalle das contías recibidas (subvencións de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; vendas de publicacións, cotas de matrículas, etc.).

A memoria-avaliación e liquidación do programa subvencionado deberá contar coa aprobación da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

As facturas aportadas pola FUNDACIÓN deberán reunir os requisitos e condicións esixidas polo art. 3 do RD 2402/1985 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

A cancelación dalgunha das actividades ou servicios previstos no programa producirá o desconto proporcional que corresponda no importe do pagamento da subvención.

#### NOVENA.- Incumprimentos.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio para a entidade colaboradora significará a cancelación do pagamento pendente, mesmo o reintegro do abonos que xa foran realizados polo CONCELLO.

O incumprimento das obrigas estipuladas neste convenio poderá significar a súa cancelación. Previamente as partes comunicaranse esa intención, cunha antelación de 15 días, cos detalles do posible incumprimento para tratar de solucionar as diferencias.

#### DÉCIMA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2004.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciarse o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.- Resolución de controversias.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais queda facultado para adoptar as medidas que contribúan o cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA  
ÁREA, RELATIVO Á DOTACIÓN PARA O FUNCIONAMENTO DO INSTITUTO  
PROGRAMA-PRESUPOSTO DO INSTITUTO 2004

INGRESOS				<u>58.195</u>
	Por venda de libros	6.000		
	Por convenios e/ou	52.195		
GASTOS	colaboracións e/ou			<u>58.195</u>
	subvencións		43.200	
	OS NOMES DA RÍA	4.900		
	DE VIGO III			
	de Gerardo Baccu			
	PROSINTE VIGO EN	5.900		
	de José Cao Moure			
	PRKQ de los CINES	4.900		
	DE VIGO A. Martín			
	LOS FAROS DE	4.900		
	de Javier Costas			
	RECORDANDO LOS	5.600		
	TRANVÍAS DE VIGO			
	de Antonio Padua			
	de Manuel Lago	5.900		
	"PACEM VIGI"			
	de José A. Martín			
	ARQUITECTO	5.900		
	"HISTORIA			
	"VIGUES"			
	de José de Santiago e			
	GOMARCA"	5.200		
	de GONZÁLEZ do IEV			
	"GLAUCOPIS" Año			
	Actos culturais			
	X - Nº 10		3000	
	Presentación ano	500		
	de concursos	500		
	Reposición de tranvías	2.000		
	Narracións:			
	(Pacewich)		11995	
	Asemblea anual da	600		
	CEPEL			
	Creación Páxina Web	3.335		
	de IEV			
	Subvención Diarios	660		
	Material de oficina e	800		
	de IEV			
	NOUVO PROXECTO			
	Creación Centro	6.600		

**15(183).- SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN LAXEIRO POR IMPORTE DE 60.000 € PARA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DA DESTA DURANTE O ANO 2004. EXPTE. 8184/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable AD polo importe do gasto que se propón realizar e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Cultural, do 10.02.04, conformado polo concelleiro-delegado do área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Outorgar unha transferencia de 66.111 Euros (sesenta e seis mil cento once euros) á Fundación Laxeiro con CIF: G36852358 para programación de actividades e funcionamento da Fundación durante o ano 2004, con cargo á partida 4510.489.00.01 ("Fundación Laxeiro") do vixente presuposto municipal.

2º.- A tramitación da subvención á Fundación Laxeiro realizarase de acordo coas seguintes condicións:

1. Forma de pagamento.-

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á Fundación Laxeiro o importe da subvención outorgada polo Concello de Vigo, para as actividades e funcionamento do ano 2003 a través de transferencia bancaria do seguinte xeito:

- a) unha primeira parte, ata un máximo do 50% do total da subvención, tralo outorgamento da subvención pola Comisión de Goberno
- b) unha segunda parte, ata un máximo do 25% do total da subvención, durante o mes de outubro e
- c) unha terceira parte, polo resto da subvención concedida trala aprobación da memoria-avaliación pola Comisión de Goberno do Concello.

2. Documentación para tramitalos pagamentos.-

Para o trámite dos pagamentos da subvención a Fundación Laxeiro deberá achegala seguinte documentación:

- a) Solicitud de pagamento de cada unha das partes da subvención (presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo).
- b) Informe sobre as actividades realizadas e sobre funcionamento da Fundación relativo cada un dos períodos antes citados, acompañado das facturas orixinais correspondentes á contía da que se solicita pagamento.

3. Liquidación da subvención.-

Para a liquidación do último pagamento da subvención presentarse a seguinte documentación antes do 15 de novembro de 2004:

- a) Solicitud polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.

- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Laxeiro, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
- Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes a cada unha das actividades do programa).
  - Memoria de prensa.
  - Relación definitiva de ingresos e gastos, clasificada por actividade ou grupo de actividades e por funcionamento; especificando: concepto, acreedor e gasto.
  - Detalle do balance económico das actividades e funcionamento. Gastos.- Facturas orixinais polo importe subvencionado e fotocopia compulsada de facturas polo resto do presuposto de gastos. Ingresos.- Detalle das contías ingresadas por tódolos tipos de conceptos: contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; vendas de publicacións, cotas de matrículas, etc. ingresos diversos, contías e

Con cada solicitude de pagamento a Fundación presentará dez (10) exemplares do material que edite ou produza. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, este extremo.

As facturas aportadas pola Fundación deberán reunir os requisitos e condicións esixidas polo art. 3 do RD 2402/1985 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

A liquidación do pagamento da subvención está condicionado a aprobación de memoria anual por parte da Xunta de Goberno Local, despois dos informes técnicos necesarios.

Terceiro.- A Fundación Laxeiro está promovida polo Concello de Vigo e máis pola familia do pintor Laxeiro (acordos do Pleno da Corporación Municipal de data 2 de marzo de 1998 e do 26 de xuño de 1998); ademais, a presidencia correspóndelle o Alcalde de Vigo ou persoa na que delegue, na dotación inicial da Fundación Laxeiro incluese o depósito de 62 obras de Laxeiro de titularidade municipal e a cesión de dereitos sobre elas, a sede de Fundación está na planta terceira da Casa das Artes, edificio de titularidade municipal. A Fundación Laxeiro queda obrigada ó cumprimento das seguintes condicións xerais:

- 1.- Facilitar ó departamento de Cultura e ó principio de cada exercicio económico unha copia da póliza de seguro dos bens incluídos na planta terceira da Casa das Artes; na que o Concello de Vigo deberá figurar como beneficiario das 62 obras de Laxeiro das que é propietario e que ten cedidas en depósito á Fundación.
- 2.- Facilitar ó departamento de Cultura unha copia do contrato de vixilancia, que establezan coa empresa de seguridade que preste servizos no resto das dependencias municipais da Casa das Artes.
- 3.- Relacionarse coa Unidade de Cultura do Concello de Vigo en todo o relacionado coas achegas municipais, o desenvolvemento das actividades da Fundación e o funcionamento na Casa das

Artes. Especialmente a Fundación obrígase a informar puntualmente ó Departamento de Cultura do Concello de Vigo e coa antelación sobre a programación prevista, para incluíla na difusión da programación.

- 4.- Dende o principio de autonomía de programación que lle corresponde á Fundación, comunicará á concellería e departamento de Cultura as súas previsións, para evitar duplicidades nos programas e coordinalo calendario de actividades.
- 5.- Informe sobre os fondos municipais cedidos á Fundación, préstamos, conservación, itinerancias, etc, e sobre a xestión dos dereitos tamén cedidos.
- 6.- Informe sobre a actividade do Padroado da Fundación: cambios na súa composición, copias das actas das sesións, etc.”.

**16(184).- SOLICITUDE DE AENA-AEROPORTO DE VIGO, EMPTY (FUNDACIÓN CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO) E EDITORIAL GALAXIA DE AUTORIZACIÓN PARA A REPRODUCCIÓN DE FOTOGRAFÍAS DO ARQUIVO PACHECO. EXPTE. 8191/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistas as solicitudes de AENA-AEROPORTO DE VIGO, EMPTY (Fundación Consorcio da Zona Franca de Vigo) e EDITORIAL GALAXIA, de autorización para a reprodución de fotografías do Arquivo Pacheco, os informes do Xefe do departamento de Cultura do 13.02.04, e de acordo coa proposta do concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar a AENA-Aeroporto de Vigo á reprodución de imaxes do Arquivo Fotográfico Pacheco na publicación que editará en 2004 sobre o 50 aniversario do Aeroporto de Vigo. No libro deberá indicarse a procedencia de cada foto coa reseña “Arquivo Fotográfico Pacheco-Concello de Vigo”.

2º.- Autorizar a Fundación Consorcio Zona Franca de Vigo á reprodución de tres imaxes do Arquivo Fotográfico Pacheco na exposición permanente do Museo do Mar de Vigo; con indicación en cada imaxe da “Arquivo Fotográfico Pacheco-Concello de Vigo.

3º.- Autorizar á Editorial Galaxia á reprodución dunha imaxe do Arquivo Fotográfico Pacheco no libro “Historia de Galicia” que editará este ano; con indicación en cada imaxe da “Arquivo Fotográfico Pacheco-Concello de Vigo. Como contrapartida establécese a doazón ó Concello de Vigo de 10 exemplares do libro publicado.

**17(185).- SOLICITUDE DO ANPA DO CEIP SOBREIRA-VALLADARES PARA REALIZAR O CROSS ESCOLAR SOBREIRA-VALLADARES O 7.03.04. EXPTE. 4316/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do ANPA do CEIP Sobreira-Valladares e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.02.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o ANPA do CEIP Sobreira-Valladares a celebrar o vindeiro día 7 de marzo de 2004 o Cross Escolar Sobreira-Valladares que se desenvolvería no colexio CEIP Sobreira e nos arredores do mesmo, entre ás 10:00 e ás 13:30 h.

**18(186).- SOLICITUDE DO CLUB MONTEFERRO BIKE CLUB PARA REALIZAR A IV MARCHA BTT PARQUES FORESTAIS DE VIGO O DÍA 29.02.04. EXPTE. 4295/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do club Monteferro Bike Club e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 16.02.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o club Monteferro Bike Club a celebrar o vindeiro día 29 de febreiro de 2004 a IV Marcha BTT Parques Forestais de Vigo que se desenvolvería polo sendeiro panorámico GR-53 e co percorrido seguinte: saída: pavillón de deportes da Universidade de Vigo, P. F. Beade, Bembrive, Universidade, Zamans, e chegada a Universidade, dende ás 9:30 h ata ás 13:30 h.

**19(187).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE 2003. EXPTE. 843/335.**

Mediante providencia de data 12.02.04, en cumprimento co establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, a concelleiro delegado do Área de Asuntos Sociais, dá conta a Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no servizo de Festas e Animación Sociocultural autorizados polo concelleiro delegado da Área de Seguridade, que son os seguintes:

EXPTE. 668/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓN DO CONCERTO DE NADAL.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 27-11-03

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 64070

ADXUDICATARIO: CVC DE VALLADARES

IMPORTE: 480,81 €

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 64071

ADXUDICATARIO: UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES

IMPORTE: 1.322,00 €

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 64072

ADXUDICATARIO: REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO

IMPORTE: 510,86 €

A Xunta de Goberno queda enterada.

**20(188).-BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO EXERCICIO 2004. EXPTE. 835/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable do xefe de Contabilidade, do 13.02.04, conformado pola interventora xeral, o documento contable A polo importe do gasto que se popón realizar e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, do 10.02.04, conformado polo xoncelleiro da área de Asuntos Sociais, a e co conforme xurídico, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aproba-las bases, que de seguido se transcriben, de convocatoria de subvencións para actividades socioculturais realizadas durante o exercicio 2004.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 100.000.-€, con cargo á partida 451.2.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado, para atende-las solicitudes presentadas ó abeiro desta convocatoria.

*BASES DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2004.*

*PRIMEIRA.- As presentes bases de convocatoria establécense en función da normativa sobre as subvencións concedidas polo Concello de Vigo (acordos plenarios do 30 de novembro de 1988 e do 31 de marzo de 1989), co obxecto de subvencionar programas e actividades socioculturais que se realicen con carácter público durante todo o exercicio 2004. Nesta ocasión destínanse un total de 100.000.-€ para esta convocatoria, con cargo á partida 451.2.489.00.00 do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural.*

*SEGUNDA.- A presente convocatoria de subvencións terá como principais obxectivos:*

- a) Apoia-los programas e actividades socioculturais realizados por entidades ou particulares que complementen a programación e os servizos municipais neste ámbito.*
- b) Favorece-lo desenvolvemento dos programas e actividades socioculturais promovidos polas asociacións veciñais e culturais para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños.*
- c) Estimula-la participación dos diversos axentes socioculturais locais.*

TERCEIRA.- Os programas e actividades subvencionables deberán encadrarse dentro da seguinte tipoloxía:

- a) *Programas socioculturais xerais.*
- b) *Programas socioculturais específicos: música, teatro, danza, artes plásticas...*
- c) *Festas populares e tradicionais.*

CUARTA.- Poderán ser solicitantes de subvencións:

- a) *As asociacións, comisións de festas e outras realidades asociativas que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.*
- b) *As persoas físicas ou xurídicas, individual ou mancomunadamente.*

QUINTA.- Non poderán acollerse a estas bases de convocatoria os seguintes tipos de solicitantes:

- a) *As asociacións e entidades exclusivamente deportivas de carácter federado.*
- b) *As persoas físicas e xurídicas con ánimo de lucro.*
- c) *As administracións públicas, así como as entidades ou departamentos que dependan directa ou indirectamente delas, orgánica ou orzamentariamente.*
- d) *En xeral, as persoas físicas ou entidades que non cumpran os requisitos indicados nestas bases ou na normativa sobre as subvencións concedidas polo Concello de Vigo.*

SEXTA.- Os criterios que se analizarán para a concesión dunha subvención serán os seguintes e puntuaranse ata un máximo de 5 puntos cada un deles:

- a) *O nivel de calidade do proxecto de programación.*
- b) *As características do proxecto: ámbito de aplicación, sector e número de poboación beneficiaria, interese sociocultural.*
- c) *As formas de financiamento dos proxectos e achegas económicas dos solicitantes, patrocinios, etc.; valorarase o maior investimento de recursos propios do solicitante nos distintos proxectos presentados.*
- d) *A duración e posibilidades de continuidade do programa ou actividade en anos sucesivos.*
- e) *Os resultados obtidos polos solicitantes en anteriores subvencións outorgadas polo Concello de Vigo.*

SÉTIMA.- As solicitudes de subvención poderán ser desestimadas con base en:

- a) *Que a entidade solicitante e o proxecto de programación teña unha relación máis específica con outras áreas do Concello: deportivo, benéfico-social, educativo, promoción turística, xuvenís, muller, medio ambiente...*
- b) *Que o proxecto inclúa actividades docentes previstas nos planos de ensino vixentes, as propias dos clubs deportivos ou as de carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional.*
- c) *Que o proxecto inclúa os gastos xerais das entidades ou persoas solicitantes relativos á administración, xestión, funcionamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugamento do local social.*
- d) *Que a solicitude se presente fóra do prazo estipulado nas presentes bases, calquera que sexa a causa do retraso.*
- e) *Que a entidade non presente a documentación requirida e nos prazos estipulados nas presentes bases, ou non cumpra os requisitos esixidos.*
- f) *Que se considere que o proxecto de programación non reúne unhas condicións mínimas de interese, baseándose nos criterios de adxudicación estipulados anteriormente.*



OITAVA.- As solicitudes de subvención dirixiranse ó Ilmo. Sr. alcalde e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello, nos impresos normalizados, durante os vinte días naturais (20) contados a partir do seguinte á súa publicación nos medios de comunicación local. Durante todo este período e co obxecto de garanti-la igualdade de oportunidades e a concorrencia, as bases atoparanse expostas no taboleiro de anuncios do Concello e no Rexistro Xeral, ademais de darlle cumprida publicidade á convocatoria na prensa local.

Será imprescindible presenta-la solicitude de subvención cuberta en tódolos seus impresos (solicitude, proxecto/s de programación/s e ficha xeral da entidade), e achega-la seguinte documentación :

- a) Fotocopia compulsada do CIF ou NIF das ou dos solicitantes, segundo proceda.
- b) Certificación bancaria: incluírá o/a titular e o número de conta, nome da entidade e enderezo completo.
- c) Certificacións de estar ó corrente nos pagamentos ó Concello de Vigo, Seguridade Social e Axencia Tributaria.
- d) Orzamento detallado de gastos do proxecto presentado.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria e a normativa sobre as subvencións concedidas polo Concello.

NOVENA.- Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos nestas bases, o/a interesado/a será requirido/a para que no prazo de dez días, que se contarán dende a recepción da notificación, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, se desestimar á súa petición, que se arquivará sen máis trámites ó abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

DÉCIMA.- A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Comisión de Goberno, segundo o estipulado nas presentes bases de convocatoria, nas bases de execución do orzamento municipal para 2004 e na normativa sobre as subvencións concedidas polo Concello, tralos informes e propostas preceptivos. As subvencións anteriores non serán invocadas como precedente. A resolución das subvencións farase antes do día 30 de xuño.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Os/as solicitantes de subvencións quedan obrigados/as a:

- a) Cumprir tódalas estipulacións establecidas nestas bases e na normativa sobre subvencións .
- b) Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
- c) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- d) Aboa-las taxas, impostos, dereitos de autor e tódolos demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención .
- e) Estar ó corrente nos pagamentos ó Concello de Vigo, así como nos das restantes obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de se-lo caso.
- f) Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.
- g) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización de actividade subvencionada.
- h) Admiti-la presenza de avaliadores nomeados pola Concellería de Festas.
- i) Devolve-lo importe da subvención cando:
  - O gasto non chegue a producirse por calquera imprevisto ou se comprobe unha modificación dos fins, en razón dos cales se concedeu a subvención.

- O gasto non se teña xustificado no prazo estipulado.
- A suma da totalidade dos ingresos por calquera concepto (subvencións, cotas, donativos, etc.) supera o importe total do gasto efectuado.

DÉCIMO SEGUNDA.- As subvencións outorgadas polo concello ós proxectos presentados ó abeiro desta convocatoria non poderán exceder do 50% do custo definitivo da actividade á que se aplique.

DÉCIMO TERCEIRA.- O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria e tramitarase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, trala presentación a través do Rexistro Xeral da seguinte documentación xustificativa:

- a) Solicitud de liquidación da subvención concedida.
  - b) Memoria-avaliación da actividade ou programa subvencionado, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
    - Datos sobre os participantes.- número, perfil, etc.
    - Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.
    - Memoria de prensa.
    - Relación detallada de ingresos e gastos.
    - Balance económico das actividades:
      - \*Gastos: Facturas orixinais polo importe subvencionado e fotocopia compulsada de facturas ata un importe equivalente ó dobre da subvención concedida. Neste sentido, non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas polo art. 3 do R.d. 2402/1985 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumben a empresarios e profesionais.
      - \*Ingresos.- Detalle das contías ingresadas por tódolos tipos de conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención ; contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; ingresos diversos, contías e procedencia.
- Cinco (5) exemplares de impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.
  - Calquera outro que sexa solicitado polo concello.

DÉCIMO CUARTA.- A solicitud de pagamento das subvencións concedidas deberá terse presentada no Rexistro Xeral do Concello con data límite de 10 de decembro.

DÉCIMO QUINTA.- Na publicidade das actividades e programas subvencionados, indicarse nun lugar destacado a participación da Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.

Se no financiamento interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

*A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Festas e Animación Socio-Cultural estudiará cál sería a lingua que empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.*

*DÉCIMO SEXTA.- O incumprimento da normativa e das obrigas establecidas nestas bases, así como a falsidade ou ocultamento de datos, producirán:*

- a) A suspensión por parte do concello dos apoios pendentes.*
- b) A devolución polos promotores da actividade dos apoios recibidos.*
- c) Que non se presten novos apoios no prazo mínimo dun ano.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- O concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais queda facultado para resolver as diferenzas de interpretación da normativa, así como para tomar todas aquelas iniciativas que contribúan ó cumprimento destas bases.*

**21(189).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN VECIÑAL “EDUARDO CHAO” PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN SOCIOCULTURAL MOVEVIGO PARA O PRIMEIRO SEMESTRE DO 2004. EXPTE. 836/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable do xefe de Contabilidade, do 13.02.04, conformado pola interventora xeral, o documento contable AD polo importe do gasto que se popón realizar e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servicio de Festas, do 11.02.04, conformado polo concelleiro de Festas, e co conforme xurídico, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación Veciñal “Eduardo Chao” para a organización do programa de difusión e promoción sociocultural “MOVEVIGO” para o primeiro semestre de 2004.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 24.000.-€, a favor da Federación Veciñal “Eduardo Chao”, CIF G-36.681.708, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 451.2.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado.

**PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO-FEDERACIÓN VECIÑAL  
“EDUARDO CHAO” PARA ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN  
SOCIOCULTURAL “MOVEVIGO” NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2004**

Vigo, o xxxxxx de xxxxxxxxxxxx de dous mil catro.

## REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, CIF P-3605700- H, con enderezo en Vigo, praza do Rei, s/n, C.P. 36202; na súa representación.

Doutra parte, D. ELENA GONZÁLEZ SÁNCHEZ, presidenta da Federación Veciñal “Eduardo Chao”, CIF G – 36.681.708, con enderezo en Vigo, Praza da Princesa, 7, 2º andar, CP 36202, e en representación desta.

## MANIFESTAN

Que a Federación Veciñal “Eduardo Chao” está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e Entidades co número 82/89 e ten entre as súas competencias a promoción de actividades sociais e culturais nos distintos barrios da cidade de Vigo.

Que a citada federación está composta por trinta e tres asociacións veciñais que levan a cabo unha importante labor social de divulgación da cultura tradicional galega, e que contan cun total de oitenta e catro agrupacións culturais. A función primordial da federación é a coordinación e dinamización das actividades que realizan estas asociacións.

Que no exercicio anterior asinouse un convenio de colaboración similar para desenvolver o programa “Movevigo” no último trimestre e que os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas partes.

Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Polo que, en consideración ó antes exposto establecen a súa relación mediante este convenio, que será rexido polas seguintes

## CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entrambas as dúas entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita a organización do programa de difusión e promoción sociocultural denominado “MOVEVIGO” durante o primeiro semestre (xaneiro-xuño) de 2004.

SEGUNDA.- Os compromisos recollidos neste convenio corresponderán ás actividades que se realicen no exercicio 2004, que serán fixadas expresamente neste texto, e organizadas pola Federación Veciñal “Eduardo Chao”, coa colaboración do Concello de Vigo.

TERCEIRA.- As actividades obxecto do presente convenio financiaranse, de acordo cos presupostos presentados pola Federación Veciñal “Eduardo Chao” e que ascenden no primeiro semestre a un importe total de TRINTA E NOVE MIL SETENTA.- EUROS (39.070.-) con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o seguinte.

a) Con cargo ós presupostos do Concello:

451.2.489.00.00 Festas e Animación Sociocultural 24.000.-

b) Con cargo á Federación Veciñal “Eduardo Chao” 15.070.-

CUARTA.- As actividades recollidas neste convenio están destinadas ó público en xeral. O acceso será público e limitarase o número de asistentes ó aforo do lugar onde se realicen.

QUINTA.- As obrigas que asume a Federación Veciñal “Eduardo Chao” son as seguintes:

1.- Cumprir co programa obxecto deste convenio de acordo ó proxectos presentado

2.- Comezar as actividades dos programas á hora anunciada ó público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

3.- Dotar de material e persoal á organización dos actos comprendidos na programación conxunta, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios.

4.- Editar e distribuír o material gráfico da programación que figura no convenio. Neste sentido, para cada un dos programas previstos deberán realizarse como mínimo 500 carteis, así como complementar a información en prensa e radio. En todos os casos deberá aparecer o logotipo e anagrama oficial da Concellería de Festas e Animación Sociocultural, como patrocinador das actividades; esta cuestión faise extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que se realicen.

5.- Planificar e concretar os lugares, datas e horarios das actuacións, que propondrá mensualmente á Concellería de Festas e Animación Sociocultural para a súa conformidade. Así mesmo, editarase un folleto bimensual no que constará a programación completa de actuacións dos grupos en cada barrio da cidade, que deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural

6.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.

7.- Devolver os locais e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros dos materiais ou instalacións serán restituídos pola Federación Veciñal “Eduardo Chao” dentro do período de vixencia do presente convenio.

8.- Presentarlle ó Concello a memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual e o balance económico con detalle de gastos e ingresos.

9.- Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

SEXTA.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a federación e da presenza do persoal municipal nas propias actividades que se determinen.

*SÉTIMA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos da concellería e da federación, en iguais condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*OITAVA.- O Concello de Vigo realizará o pagamento do importe estipulado na cláusula terceira (24.000.-€) mediante transferencia bancaria á conta corrente 2080.0000.70.0040236959, domiciliada en Caixanova, e da que é titular a Federación Veciñal "Eduardo Chao". Para poder efectuar este pagamento, a citada entidade presentará a través do Rexistro Xeral solicitude de pago e memoria das actividades (segundo o estipulado na cláusula quinta, apartado oitavo); unha vez recibida, tramitarase facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.*

*NOVENA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de xuño de 2004 e non será prorrogable.*

*DÉCIMA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para solucionar as controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, na data e lugar que se indica.*

**22(190).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CINE CLUBE LUMIÈRE PARA A ORGANIZACIÓN DE PROGRAMACIÓN DE CINE PARA O ANO 2004. EXPTE. 838/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable AD polo importe do gasto que se popón realizar e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, do 11.02.04, conformado polo concelleiro de Festas, pola interventora xeral e co conforme xurídico, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobalo proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e o Cine Clube Lumière para a organización de programación de cine no auditorio municipal durante o ano 2004.

2º.- Que se faculte ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinalo convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 9.000.-euros, a favor do Cine Clube Lumière, CIF G-36758696, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 451.2.227.06.02, do programa presupostario de Festas e Animación Cultural para o exercicio 2003 prorrogado.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO- CINE CLUBE LUMIERE  
PARA A ORGANIZACIÓN DE PROGRAMACIÓN DE CINE PARA O 2004*

Vigo, o XXXXX de XXXXXX de dous mil catro.

#### REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL, e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D<sup>a</sup> ANABEL GONZÁLEZ PENÍN, NIF 36.089.492, PRESIDENTE e en representación do CINE CLUBE LUMIERE, CIF G-36758696, con domicilio na cidade de Vigo, rúa Doutor Cadaval, 33, 4º A; no sucesivo A ENTIDADE.

#### MANIFESTAN

1. Que o Cine Clube Lumiere é a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega, que ven levando a cabo dende hai anos unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos de programación cinematográfica mensuais e permanentes en colaboración con distintas entidades (Alianza francesa, Colexio de Arquitectos, Deputación provincial...).

2. Que O CONCELLO está interesado en organizar iniciativas socioculturais que aumenten a súa programación, en especial a dirixida a públicos sectoriais e especializados, e por este motivo asinou un convenio de colaboración similar no ano 2003.

3. Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

#### CLÁUSULAS

*PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establece-la relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización conxunta dunha programación de cine ó longo do exercicio 2004 no auditorio municipal, entre os períodos de marzo-xuño, e setembro-décembro.*

*SEGUNDA.- As obrigas que asume O CONCELLO son as seguintes:*

1. *Achega-la cantidade total de 9.000.-€, con cargo á partida 451.2.227.06.02 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado.*
2. *Reserva-las instalacións do auditorio da Casa do Concello para tódolos luns dos períodos indicados do exercicio 2004, para a proxección das películas incluídas na programación obxecto deste convenio. Esta*

reserva tan só poderá ser modificada de forma excepcional por necesidades protocolarias do Concello, previa comunicación por escrito á ENTIDADE, cunha antelación mínima de 72 horas. Neste caso intentariase buscar unha data alternativa de mutuo acordo, encargándose O CONCELLO da difusión necesaria cara ó público. Así mesmo, en caso de realizar outros ciclos puntuais de proxeccións noutras datas, o Concello daralle prioridade para a reserva do recinto.

*TERCEIRA.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:*

1. *Presentar antes do día 15 de cada mes unha proposta de proxeccións para o mes seguinte, co obxecto da conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural.*
2. *Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesario para tal fin.*
3. *Asumir tódolos gastos que se deriven da organización destas actividades e obter tódolos permisos e autorizacións necesarias para a súa realización.*
4. *Comeza-las actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realiza-las correccións técnicas que resulten necesarias.*
5. *Xestionar e aboa-la cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.*
6. *Edita-lo material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Festas; este material deberá contar co seu logotipo. Ademais, farase mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.*
7. *Presentar a través do Rexistro Xeral a memoria das actividades obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á finalización de cada un dos períodos de programación, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: número de asistentes, memoria de prensa, balance económico con detalle de gastos e ingresos.*

*CUARTA.- O custo total da realización destas actividades, segundo o orzamento presentado pola ENTIDADE e que figura no anexo do presente convenio, ascende a un importe total de 26.173,12.-€. -euros, dos que O CONCELLO financiará un importe total de 9.000.-euros.*

*QUINTA.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, e o seu acceso será controlado mediante cobro de entradas. A xestión das entradas e da recaudación será total responsabilidade da ENTIDADE.*

*SEXTA.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (9.000.-euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0169 50 004000297.6, domiciliada na entidade Caixanova e da que é titular A ENTIDADE, según o seguinte:*

- *Un primeiro pagamento por importe de 4.500.-€, para o que A ENTIDADE presentará a través do Rexistro Xeral solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 7, dentro dos 15 días seguintes á finalización da programación do periodo marzo-xuño. O pagamento realizarase previa certificación do responsable técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.*
- *Un segundo e derradeiro pagamento por importe de 4.500.-€, para o que A ENTIDADE presentará a través do Rexistro Xeral solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 7, dentro dos 15 días seguintes á finalización da*



*programación do período setembro-décembro. O pagamento realizarase previa certificación do responsable técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.*

*SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a presenza de persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural durante o desenvolvemento destas actividades, así como en base ás memorias e documentación que presente A ENTIDADE.*

*OITAVA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e A ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. A Concellería de Festas resérvase o dereito de incluír a programación obxecto deste convenio na posible axenda que edite e/ou difunda cos actos previstos no auditorio municipal.*

*NOVENA.- O CONCELLO non asume ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.*

*DÉCIMA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2004 e así mesmo, non será prorrogable.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican*

**23(191).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS DURANTE O EXERCICIO 2004. EXPTE. 837/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable do xefe de Contabilidade, do 13.02.04, conformado pola interventora xeral, o documento contable AD polo importe do gasto que se popón realizar e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servicio de Festas, do 11.02.04, conformado polo xefe de Participación Cidadá, o concelleiro de Festas e A. Sociocultural, a concelleira de Participación Cidadá e co conforme xurídico, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” para a programación de actividades socioculturais durante o exercicio 2004.

2º.- Facultar á concelleira de Participación Cidadá e mailo de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 36.686.-€, a favor da Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36704666, en concepto do estipulado no convenio, con cargo ás seguintes partidas dos programas presupostarios para o exercicio 2003 prorrogados:

463.1.489.00.00	Participación Cidadá	12.036.-
451.2.489.00.00	Festas e Animación Sociocultural	24.650.-

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO-FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS DURANTE O EXERCICIO 2004*

Vigo, o xxxxxx de xxxxxxxxxxx de dous mil catro.

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Dna. LUCÍA MOLARES PÉREZ, concelleira de Participación Cidadá e D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, CIF- P-3605700- H, con enderezo en Vigo, praza do Rei, s/n, C.P. 36202; na súa representación.*

*Doutra parte, D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF- G - 36704666, con enderezo en Vigo na praza Galegos Ilustres, CP 36203, e en representación desta.*

*MANIFESTAN*

*Que a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e Entidades co número 143/90 e ten entre as súas competencias a promoción de actividades sociais e culturais nos distintos barrios da cidade de Vigo.*

*Que en anos anteriores se estableceron convenios de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”; así mesmo, dende o ano 1996 organizan conxuntamente a “Festa do Mexillón”, no mes de xullo, no recinto do parque de Castrelos, realizan ligas de xogos sociais e organizan os actos do Magosto. O resultado acadado en todos os casos foi moi satisfactorio para ambas partes.*

*Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.*

*Polo que, en consideración ó antes exposto establecen a súa relación mediante este convenio, que será rexido polas seguintes*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entrambas as dúas entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita a programación e o desenvolvemento das actividades de carácter cultural, cívico e social que se indican na cláusula quinta.*

SEGUNDA.- Os compromisos recollidos neste convenio corresponderán ás actividades que se realicen no exercicio 2004, que serán fixadas expresamente neste texto, e organizadas pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” coa colaboración do Concello de Vigo.

TERCEIRA.- As actividades obxecto do presente convenio financiaranse, de acordo cos presupostos presentados pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” e que ascenden a un importe total de SEXENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS EUROS(69.900.-) con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o seguinte.

a) Con cargo ós presupostos do Concello:		36.686.-
463.1.489.00.00	Participación Cidadá	12.036 .-
451.2.489.00.00	Festas e Animación Sociocultural	24.650.-
b) Con cargo a FPR “El Olivo”:		21.794.-
c) Ingresos por outros conceptos (ventas, publicidade...)		11.420.-

As cantidades que achega o Concello aplicaranse como segue:

Con cargo á Concellería de Participación Cidadá:

* XVIII Trofeo “Cidade de Vigo” de xogos de mesa	4.036 .-
* Festa das peñas	2.500 .-
* Edición da revista Anuario	2.500.-
* Gastos de xestión (administración, aluguer...)	3.000.-

Con cargo á Concellería de Festas e Animación Sociocultural:

* IX Festa do Mexillón	14.000.-
* Magosto 2004	8.250 .-
* Circuitos culturais	2.400.-

CUARTA.- As actividades recollidas neste convenio están destinadas ó público en xeral. O acceso será público e limitarase o número de asistentes ó aforo do lugar onde se realicen, pero as actividades, servizos ou produtos ofertados poderán levar unha achega económica por parte dos/as usuarios/as: billetes, entradas,....

Por este motivo, a FPR “ El Olivo” proporalle ó Concello de Vigo os prezos correspondentes para cada un dos casos, para obter a conformidade da concellería que corresponda segundo a actividade en cuestión.

QUINTA.- As obrigas que asume a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” son as seguintes:

- 1.- Cumprir os programas obxecto deste convenio de acordo ós proxectos presentados e que figuran como anexos .
- 2.- Comezar as actividades dos programas á hora anunciada ó público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

3.- Dotar de material e persoal á organización dos actos comprendidos na programación conxunta, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios.

4.- Editar o material gráfico da programación que figura no convenio (agás o da “Festa do Mexillón”, que será achegado polo Concello e distribuídos pola FPR “El Olivo”) e a súa distribución. Neste sentido, para cada un dos programas previstos deberán realizarse como mínimo os seguintes soportes publicitarios: 500 carteis, cabaleta con rótulos para interiores, pancartas para exteriores e escenarios, así como complemento da información en prensa e radio. En todos os casos deberá aparecer o logotipo e anagrama oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades; esta cuestión faise extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que se realicen.

5.- A revista Anuario reservará dúas páxinas para os saúdas do alcalde e da concelleira de Participación Cidadá. Na contraportada do libro figurará “patrocinado polo Concello de Vigo-Concellería de Participación Cidadá” co seu logotipo. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inseridos na revista. As probas de prelo previas á impresión do libro presentaranse na Concellería de Participación Cidadá para a súa conformidade.

6.- Realizar a seguinte programación segundo os presupostos presentados:

- \* XVIII Trofeo “Cidade de Vigo” de xogos de mesa.
- \* Festas das peñas.
- \* Edición da revista.
- \* Gastos de xestión (administración, aluguer,...)
- \* IX Festa do Mexillón.
- \* Magosto 2004.
- \* Circuitos culturais.

7.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.

8.- Devolver os locais e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros dos materiais ou instalacións serán restituídos pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” dentro do período de vixencia do presente convenio.

9.- Presentar unha memoria parcial, resumo de cada actividade realizada, dentro dos 15 días seguintes ó da súa execución, onde constarán os seguintes datos:

- \* Denominación da actividade.
- \* Programación realizada.
- \* Número de asistentes.
- \* Un exemplar de cada impreso editado: programa, cartel, etc.
- \* Parte de incidencias.
- \* Balance económico: relación de ingresos e gastos.

10.- Presentarlle ó Concello a memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual e o balance económico con detalle de gastos e ingresos.

11.- Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

SEXTA.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a federación e da presenza do persoal municipal nas propias actividades que se determinen.

SÉTIMA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do Concello e da Federación de Peñas, en iguais condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ou de Participación Cidadá, segundo proceda, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

OITAVA.- O Concello de Vigo realizará o pagamento do importe estipulado na cláusula terceira segundo o seguinte detalle:

- 1.- Un primeiro pagamento por importe de CATRO MIL TRINTA E SEIS (4.036.-) correspondente ó XVIII trofeo “Cidade de Vigo” de xogos de mesa, con cargo á partida 4.631.489.00.00 do programa presupostario de Participación Cidadá para o exercicio 2003 prorrogado.
- 2.- Un segundo pagamento por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS (2.500.-), correspondente á “Festa das Peñas”, con cargo á partida 4.631.489.00.00 do programa presupostario de Participación Cidadá para o exercicio 2003 prorrogado.
- 3.- Un terceiro pagamento por importe de TRES MIL EUROS (3.000.-), correspondente ós gastos de xestión, con cargo á partida 4.631.489.00.00 do programa presupostario de Participación Cidadá para o exercicio 2003 prorrogado.
- 4.- Un cuarto pagamento por importe de CATORCE MIL EUROS (14.000.-), corresponde á IX Festa do Mexillón, con cargo á partida 4.512.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado.
- 5.- Un quinto pagamento por importe de OITO MIL DOUSCENTOS CINCOENTA EUROS (8.250.-), correspondente ó Magosto 2004, con cargo á partida 4.512.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado.
- 6.- Un sexto pagamento por importe de DOUS MIL CATROCENTOS EUROS (2.400.-), correspondente ós circuitos culturais, con cargo á partida 4.512.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado.
- 7.- O resto do importe do convenio por DOS MIL CINCOCENTOS (2.500.-), correspondente á edición da revista, con cargo á partida 4.631.489.00.00 do programa presupostario de Participación Cidadá para o exercicio 2003 prorrogado.

En todos os casos, os pagamentos aboaranse mediante transferencia bancaria á conta corrente 2080.0020.13.004.0023628, domiciliada en Caixanova, e da que é titular a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”. Para poder efectuar os pagamentos, a citada entidade presentará solicitude de pago e memoria da actividade correspondente (segundo o estipulado na cláusula quinta, apartado noveno); unha vez recibida, os pagamentos tramitaranse polo departamento correspondente, facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.

NOVENA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2004 e non será prorrogable.

DÉCIMA.- A concelleira de Participación Cidadá e mailo de Festas e Animación Sociocultural quedan facultados para solucionar as controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado e para un só efecto o presente convenio, na data e lugar que se indica.

#### **24(192).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTO.**

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
COSTAS RIVEIRO EUGENIO	0363435	227,78.-	207,98.-	19,80.-	
“	0363439	327,80.-	281,22.-	46,58.-	
GONZALEZ CARNERO JUAN RAMON	0402466	446,16.-	449,28.-		3,12.-
IGLESIAS REJAS LUIS	0402495	1.390,84.-	1.390,84.-		
“	0402496	250,00.-	73,42.-	176,58.-	
“	0402497	85,95.-	41,48.-	44,47.-	
LOPEZ MOURE JESUS	0402509	15.888,80.-	15.888,80.-		
“	0402515	32.654,00.-	32.654,00.-		
“	0401036	12.000,00.-	8.988,56.-	3.011,44.-	
ROCHA PARAMES CESAREO	0401029	300,00.-	313,44.-		13,44.-
TOTAL			60.289,02.-		

#### **25(193).- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE IMPLANTACIÓN DA AXENDA 21 LOCAL E AUDITORÍA URBANA XESTIONADA POLO EIXO ATLÁNTICO. EXPTE. 2027/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 12.02.04, conformado polo concelleiro delegado de Medio Ambiente, que di o seguinte:

*Visto o expediente reseñado no asunto, resultan relevantes para a súa resolución os seguintes*

##### **FEITOS:**

1. O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data de 28 de decembro de 2.001 acordou: “VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar inicialmente:

Primeiro.- Adscribirse ó Grupo de Cidades Europeas cara a sustentabilidade, firmando a Carta de Aalborg, asumindo, por tanto, os seguintes compromisos:

- Inverter no capital natural, na súa conservación, o seu crecemento e nun uso menos intensivo e máis eficiente dos recursos naturais.
- Menta-la dimensión humana do desenvolvemento

- Reduci-la mobilidade obrigada e promover pautas de mobilidade non motorizada.
- Equilibra-los fluxos campo/cidade procurando evita-las dinámicas depredadoras.
- Fomenta-lo uso de fontes de enerxía renovables
- Asumi-la responsabilidade de reorganiza-la cidade a partir de criterios de desenvolvemento sustentable
- Basea-lo labor na cooperación entre tódalas persoas e axentes socioeconómicos implicados.
- Perseguir por tódolos medios a educación e a formación en materia de desenvolvemento sustentable.
- Empregar tódolos instrumentos políticos e técnicos dispoñibles para un planeamento ecosistemático (o municipio como sistema relacionado co seu entorno) da xestión urbana
- Analiza-las oportunidades económicas en termos de sustentabilidade e, ó mesmo tempo, con vistas a atraer ou xerar ocupación.

Segundo.- Basear tódolos traballos na cooperación entre as partes implicadas, garanti-lo acceso á información a tódolos cidadáns e a velar por que estes poidan participar, a título particular ou en representación dalgunha entidade, nos procesos locais de toma de decisións.

Neste sentido o instrumento clave de participación e debate será o Consello Sectorial do Medio Ambiente do Concello de Vigo. Este órgano creouse polo acordo do Pleno, na súa sesión do 3 de novembro de 1994, e nel se determinan as súas atribucións, estrutura e funcionamento.

Terceiro.- Inicia-lo proceso de Axenda 21 Local co fin de dotar ó municipio dunha ferramenta eficaz e concreta, que permita establecer políticas ambientais integradas que axuden a mellora-lo estado ambiental do municipio e harmonicen o desenvolvemento económico coa protección do medio ambiente. Como punto de partida para o desenvolvemento e aplicación da Axenda 21 Local realizarase unha auditoría medioambiental, que permitirá a identificación dos problemas ambientais e as súas causas e o establecemento de obxectivos e priorización de problemas. A interpretación posterior dos datos permitirá a elaboración do Plan de Acción Local, que conterà obxectivos, programas e proxectos concretos e a definición dun sistema de indicadores de seguimento, que permitirá analiza-los resultados acadados polo Plan de Acción Local.

Cuarto.- Integrar as políticas medioambientais derivadas do proceso da Axenda 21 Local en tódolos programas de desenvolvemento económico; como requisito fundamental para o desenvolvemento sustentable no municipio”

2. En data de 7 de xullo de 2.003 celebrouse en Vigo a Comisión delegada de Medio Ambiente do Eixo Atlántico á que asistiu en representación do Concello de Vigo, a Concelleira delegada de Medio Ambiente. O obxecto desta Comisión foi explicar o proceso de implantación da Axenda 21, xa que unha vez confirmada a aportación de 1.700.000 EUROS de INTERREG era preciso establecer os criterios de traballo. Tal e como se recolle na acta aprobouse “por unanimidade o método e contidos propostos, tras un debate sobre cuestións operativas, así como que a Axenda 21 é un proceso único pero desenvolvido por cada cidade./ Aprobouse como base para a licitación as plantillas presentadas (coas abstencións de Ferrol en ambos puntos por razóns de carácter interno).

No seguinte punto na orde do día, abórdase o orzamento. D. Xoán Vázquez Mao, aporta os seguintes datos económicos:

Segundo INTERREG as cifras son:

- Custo total: 2.333.233,40 €.
- Custo Elixible: 2.333.233,40 €.
- Cofinanciación Feder: 1.749.925,05 €.

*Pero de acordo co aprobado nesta Comisión delegada os valores son:*

*Custo total: 3.000.000 €.*

- *Aportación dos Concellos do Eixo: 1.000.100 €.*
- *Aportación da Xunta e da DRAOT: 249.975 €.*
- *Aportación Interreg: 1.749.925,05 €.*

*Asemade o reparto proposto por cidades será de:*

- *CIDADES tipo A: 84.142 €.*
- *CIDADES tipo B: 72.121 €.*
- *CIDADES tipo C: 42.071 €.*

*D. Xoán Vázquez Mao, explica as dúas propostas orzamentarias, que en síntese son: Facelo proxecto completo segundo a proposta da secretaría xeral, tal e como estaba previsto, ou recorta-los servicios e adaptarse ó orzamento aprobado polo Interreg.*

*Ábrese un turno de debate para decidir:*

*a) proxecto integro segundo proposta (3.000.000 euros) ou recortado (2.333.333 euros).*

*b) faise mediante unha operación de crédito ou os concellos adiantan a totalidade” (...)*

*Como declaración de intencións, se aproba en ir á totalidade por importe de 3.000.000 €.*

*Asemade, as cidades decántanse maioritariamente pola operación de crédito.*

*Ambas posicións deben ser ratificadas polas cidades, antes de 10 días, a fin de axiliza-la publicación das bases da convocatoria.*

*A secretaría xeral comprométese a reenviar ós concelleiros o documento que foi presentado a Interreg na súa versión definitiva, así como unha táboa coas estimacións que ten que pagar cada cidade feitas coa máxima exactitude, unha vez existan datos do interese bancario de referencia.*

*Asemade, se explica que no caso de facer unha operación de crédito, as cidades deberán abona-la súas cuantías de cofinanciación no primeiro trimestre do 2.005. Si se opta polo pago adiantado, terá que ser pola totalidade do custo para cada cidade, antes do fin de outubro deste ano, previamente á sinatura do contrato coa empresa adxudicataria.” (...).*

*3. O Eixo Atlántico achega xunto coa acta da Comisión delegada de Medio Ambiente de 7 de xullo de 2.003, as “TABLAS DE FINANCIACIÓN PARA A AXENDA 21*

*COSTE TOTAL DE LICITACIÓN: 3.000.000 EUROS (iva incluído).*

*APORTACIÓN COMUNITARIA: 1.749.925 EUROS.*

*APORTACIÓN DOS GOBERNOS: 249.975 EUROS.*

*APORTACIÓN DOS CONCELLOS: 1.000.100 EUROS.*

*FINANCIACIÓN ESTIMADA DEL 60 % (1.800.000 EUROS) AL 4 % ANUAL POR 18 MESES (ESTIMACIONES AL ALZA): 86.400 EUROS.*

*TOTAL A PAGAR POLOS CONCELLOS: 1.086.500 EUROS.*

*Distribución proposta:*

*CONCELLOS TIPO A (Coruña, Vigo, Porto e V.N. Gaia)*

*CONCELLOS TIPO B (todos os restantes)*

*CONCELLOS TIPO C (Monforte, Vilagarcía, Chaves e Peso da Regua)*

*Cámaras TIPO A: 75.000 euros.*



Cámaras TIPO B: 65.000 euros.

Cámaras TIPO C: 35.000 euros.

$75.000 \times 4 = 300.000$

$65.000 \times 10 = 650.000$

$35.000 \times 4 = 140.000$

4. Con data de 16 de xullo de 2.003 o Eixo Atlántico remite fax no que solicita comunicación na que se conteste se “a) desexais participar no proxecto Agenda 21. b) os pronunciais polo pago adelantado da parte total que corresponde a cada concello, ou pola operación de crédito para pagar só a financiación de cada concello”.

5. Con data de 24 de xullo de 2.003, a Concelleira delegada de Medio Ambiente, comunicalle decisión de: “1. A participación do Concello de Vigo no proxecto Axenda 21./2. Acollerse á operación de crédito para pagar só a cofinanciación correspondente ó Concello, sempre condicionado á existencia de orzamento a tal fin.”

6. En data de 18/09/03 o Eixo Atlántico achega fax de convocatoria para a reunión da Comisión Delegada de Medio Ambiente o vindeiro día 30 de setembro, ás 09:00 horas (hora local portuguesa), á que non asistiu ningún representante do Concello de Vigo.

7. Con data de 2/10/03 o Eixo Atlántico remite solicitude de designación das persoas tanto para formar parte do Comité de Seguimento e Comité de Xestión. Asemade achega modelo de carta de compromiso.

8. Con data de 5 de novembro, ten saída a carta da Concelleira delegada de Medio Ambiente, cumprimentada na que no apartado A)3, comprometéase a Abonarlle o Eixo Atlántico a cantidade de 75.000 € dentro do exercicio 2.004, incluíndo respecto do modelo remitido polo Eixo Atlántico a salvidade de sempre e cando o permita a lexislación vixente.

9. No anteproxecto de orzamentos de 2.004 remitido á Intervención Xeral en data de 28 de outubro de 2.003 consignábase á partida 4450.2270607: “Proxecto Axenda 21 Local” por un importe de 75.000 euros.

10. Con rexistro de entrada de data de 9 de xaneiro de 2.004 e número de documento 40001648 o Eixo Atlántico achega factura con data de 2 de xaneiro de 2.004 por importe da cuota de 75.000 euros.

11. No orzamento prorrogado de Medio Ambiente existe a partida 4450.2270607: “Proxecto Axenda 21 Local” por un importe de 120.202,42 euros.

12. Con data de 9 de febreiro de 2.004 remítese, xunto co documento contable AD, informe por parte da Intervención Xeral segundo o cal “No se prevé en la propuesta la forma de pago ni las condiciones que se tienen que dar para la materialización del pago, siendo esta una condición básica, ya que la Admnsitración paga contra el cumplimiento de los requerimientos que estén establecidos en cada caso. En consecuencia de lo anterior, trasládase a la propuesta las condiciones que se deben cumplir para la realización de los pagos que permita al órgano fiscalizador comprobar tales circunstancias.

13. Solicitada información ó Secretario Xeral do Eixo Atlántico sobre os extremos do informe da Intervención, este certifica que:

*“1º.- A forma de pago será mediante transferencia bancaria ó número de conta 2091-0555-01-3110000063.*

*2º.- Dado que o desenvolvemento dos traballos da Axenda 21 fanse mediante un concurso público, en cuio contrato subseguinte especificase que deberán realizarse pagos adiantados, e que por outra parte permitan adecuarse ós calendarios de execución do programa Interreg que cofinancia este proxecto, e dado que, en función da citada subvención os concellos beneficiarios aprotan unha cantidade entorno ó 15% do valor total do proxecto, así como, o feito de que o Eixo Atlántico financiará os pagos adiantados ata a recepción da financiación comunitaria, acordouse que os concellos efectuarán as súas aportacións á maior brevidade a partir da recepción do xustificante xa emitido.*

*Estas cantidades en calquera caso, están aseguradas ante un eventual incumprimento do contrato por parte da empresa adxudicataria, pola póliza de seguro e o aval suscrito pola citada empresa dentro das condicións do concurso público”*

*Os anteriores feitos sonlle de aplicación os seguintes*

#### *FUNDAMENTOS DE DEREITO:*

*I. O 9.- Acordo do Pleno do Concello de Vigo adoptado en sesión ordinaria de 28 de decembro de 2.001.*

*II. Dos feitos expostos resulta que por parte da Concelleira delegada de Medio Ambiente comunicouse ó Eixo Atlántico a intención do Concello de Vigo de participar no proceso de Axenda 21 local co conseguinte aboamento para o exercicio 2.004 da cuota correspondente ó Concello de Vigo, sempre condicionado á debida consignación orzamentaria e ó cumprimento da lexislación vixente, sen que mediase resolución ningunha.*

*III. Como queira que a normativa vixente, aplicable á materia, consiste na Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, artigos 164 e seguintes respecto da execución do orzamento e 195 e seguintes respecto do control e fiscalización do gasto, asemade os artigos concordantes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos; e as Bases de Execución do Orzamento.*

*IV. De acordo co establecido no artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada por Lei 57/2003, de 16 de decembro, é unha competencia da Xunta de Goberno Local.*

*En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse á Xunta de Goberno local, de resultar favorable a fiscalización da Intervención Xeral a adopción do seguinte acordo:...”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Consta no expediente informe do xefe de Contabilidade, do 9.02.04, conformado pola interventora xeral e documento contable AD polo importe do gasto que se propón realizar.

## Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Participar no proceso de Implantación da Axenda 21 Local e Auditoría Urbana, xestionada polo Eixo Atlántico.

2º.- Comprometer o gasto de 75.000 euros con cargo á partida 4450.2270607: “Proxecto Axenda 21 Local” do orzamento prorrogado, correspondente á súa cuota como cidade Tipo A. A forma de pago será mediante transferencia bancaria ó número de conta 2091-0555-01-3110000063, correspondente ó Eixo Atlántico, trala adopción do presente acordo e a emisión pola citada entidade da correspondente factura, de acordo co exposto no décimo terceiro feito.

3º.- Designar como representante do Concello de Vigo no Comité de Seguimento ó Concelleiro delegado de Medio Ambiente.

4º.- Designar como integrantes do Comité Técnico de Xestión en representación do Concello de Vigo ó Asesor Xurídico da Xefatura da Xerencia de Urbanismo, D. Gustavo Rodríguez Bartol e o Xefe do Servizo do Laboratorio Municipal, D. Jesús Núñez-Torrón López.

5º.- Comunicar a Eixo Atlántico a improcedencia da presentación da factura en tanto na data de presentación non se acordara a autorización nin a disposición do gasto no exercicio orzamentario 2.004 e notificarlle o presente acordo.

### **26(194).-AUTORIZACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 18.030,30 € PARA AFRONTA- LOS GASTOS QUE SE ORIXINAN Á SAÍDA DA CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES MALTRATADAS E BASES DE AXUDA ECONÓMICA DE APOIO PARA MULLERES Á SAÍDA DA CASA DE ACOLLIDA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 16.02.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*A maior parte das usuarias da Casa de Acollida son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria.*

*Ó límite de estadía na casa, a falta de cualificación profesional, e as propias limitacións no mercado de traballo, fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida á saída da Casa de Acollida sexan enormemente dificultosas. Esta situación profundiza, magnifica e amplía os obstáculos sociais e persoais necesarios para reconducir a súa vida.*

*A necesidade dunha axuda económica que facilite a súa reincorporación á comunidade faise non só evidente, senón urxente de xeito que moitas casas de acollida xa teñen tomadas medidas neste terreo.*

*No ano 2000 apróbase no pleno da corporación municipal o “1º Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres”, neste plan ,que tivo vixencia ata o ano 2003, recollíase a medida 1.5 de “Axuda económica de apoio á saída da Casa de acollida”.*

*Durante o periodo de vixencia do Plan contra a violencia foron beneficiarias desta axuda 43 mulleres. As valoracións realizadas polo equipo técnico do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Casa de acollida e polas propias mulleres beneficiarias foi moi positiva.*

*A finalidade desta medida é dotar ás mulleres que despois de permaner temporalmente neste servizo social especializado, saen do mesmo co obxectivo de iniciar unha vida independente, despois de romper có agresor. Para conquistar dita autonomía persoal e económica faise necesario a concesión dunha axuda económica puntual que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos á saída da Casa de acollida: débeda de aluguer, transporte, consumos, axuar ou outras necesidades urxentes e inmediatas.*

*O procedemento de concesión destas axudas por un importe máximo cada unha delas de 601,01.- euros, realízase previa valoración do equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e da Casa de Acollida de mulleres maltratadas, equipos que traballan conxuntamente na recuperación integral da muller dende o seu ingreso na Casa de acollida municipal para mulleres maltratadas.*

*A proposta de valoración expónse nas xuntanzas semanais de coordinación do Centro de Información e da Casa de Acollida e a traballadora social procede a emitir un informe social coa proposta do importe da axuda a conceder, e realiza o seguimento dos xustificantes que a beneficiaria ten que aportar unha vez percibe o importe da axuda concedida.*

*Por todo iso cómpre manter unha consignación presupostaria anual para continuar con esta medida de apoio e atención ás vítimas de violencia de xénero. A concesión destas axudas tramitaranse de acordo cos criterios de concesión que aprrobe a Xunta de Goberno Local.*

*Polo devandito proponse á Xunta de Goberno Local:...”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Consta no expediente informe do interventor xeral accidental, do 4.02.04, e documento contable RC polo importe do gasto que se propón realizar.

### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da técnica da oficina da Muller, acorda:

1º. Autorizar o gasto de 18.030,30 Euros .- dazaoito mil trinta euros con trinta céntimos de euros, con cargo á partida 463.2.480.00.00 do presuposto prorrogado do 2004, para facer fronte ós gastos que orixinan á saída da Casa de Acollida de Mulleres Maltratadas de trinta mulleres.

2º.- Aprobar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 18.030,30 euros .- dazaioito mil trinta céntimos de euros, a nome da funcionaria Cristina Gómez García, con NIF: 36.098.882-Z, técnica da oficina da muller, para facer efectivo os anteditos gastos

3º.- Aprobar as bases da axuda económica de apoio para ás mulleres á saída da Casa de Acollida que de seguido se transcriben:

#### AXUDAS ECONÓMICAS DE APOIO PARA AS MULLERES Á SAÍDA DA CASA DE ACOLLIDA

##### *XUSTIFICACIÓN:*

*A maior parte das usuarias da Casa de Acollida son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria.*

*O límite de estadía na casa, a falta de cualificación profesional, e as propias limitacións no mercado de traballo fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida á saída da Casa de Acollida sexan enormemente dificultosas. Esta situación profundiza, magnifica e amplía os obstáculos sociais e persoais necesarios para reconducir a súa vida.*

*A necesidade dunha axuda económica que facilite a súa reincorporación á comunidade faise non só evidente, senón urxente de xeito que moitas casas de acollida xa teñen tomadas medidas neste terreo.*

*No ano 2000 apróbase no Pleno da Corporación Municipal o “1º Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres”, neste plan ,que tivo vixencia ata o ano 2003, recollíase a medida 1.5 de “Axuda económica de apoio á saída da Casa de acollida”.*

*Durante o período de vixencia foron beneficiarias desta axuda 43 mulleres. As valoracións realizadas polo equipo técnico do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Casa de Acollida e polas propias mulleres beneficiarias foi moi positiva.*

*Por todo isto cómpre manter unha consignación presupostaria anual para continuar con esta medida de apoio e atención ás vítimas de violencia de xénero. A concesión destas axudas tramitaranse de acordo coas seguintes bases:*

##### *CRITERIOS DE CONCESIÓN:*

###### *1.- Procedimento e valoración*

*A proposta de adxudicación da axuda económica de apoio á saída da Casa de Acollida poderá partir de calquera das profesionais que integran o equipo de traballadoras do*

*Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) e presentarase en xuntanza ordinaria de coordinación CMIDM e Casa de Acollida onde se valorará a adecuación da proposta e no seu caso a contía da axuda.*

*A traballadora social do CMIDM cubrirá a solicitude (Anexo 1) coa proposta da axuda e o remitiralla ao Departamento da Muller para que proceda a tramitar a devandita axuda.*

## 2.- Beneficiarias:

*Usuarias da Casa Municipal de Acollida para mulleres maltratadas*

## 3.- Fins das axudas

- a) *Todas as mulleres que á saída da Casa de Acollida precisen do alugueiro dunha nova vivenda, sempre que os seus ingresos mensuais non superen o salario mínimo interprofesional terán dereito a unha axuda económica igual a un mes de renda de aluguer.*

*No caso de que da muller dependan 1 ou máis fillos ou fillas esta axuda será polo valor de 2 meses de renda de aluguer.*

- b) *Aquelas mulleres que á saída da Casa de acollida perciban ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional poderán ser obxecto dunha axuda económica para facer fronte ás necesidades urxentes ou inmediatas: merca de alimentos, roupa, utensilios, etc, se así o valora o equipo de técnico do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.*

*En casos excepcionais de mulleres que superan o límite de ingresos poderase conceder a axuda se así o valora a traballadora social do Centro Municipal de Información mediante a emisión dun informe social.*

*Na fundamentación da solicitude farase constar ademais da contía proposta o investimento á que vai adicada a axuda e con que documentos se xustificará.*

## 4.- Importe e cobertura das axudas

*As axudas económicas de apoio á saída da Casa de Acollida terán unha cobertura anual estimada de 30 mulleres, cun máximo de 601.- euros para cada muller beneficiaria.*

## 5.- Xustificación das axudas

*As axudas concedidas serán xustificadas coa achega da seguinte documentación:*

- a) *DNI da beneficiaria*
- b) *Declaración asinada pola beneficiaria conforme recibiu a axuda económica.*
- c) *Facturas ou comprobantes de compra orixinais*
- d) *Contrato e/ou recibos de aluguer (orixinais ou copia compulsada)*

## 6.- Departamento responsable

*Concellería da Muller: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en coordinación coa Oficina da Muller.*

## 7.- Avaliación e Seguimento:

*O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.*

*No expediente aberto no CMIDM deberá incluírse a proposta-fundamentada da axuda e a contía concedida de cada muller beneficiaria desta axuda (anexo 1)*

Co obxecto de realizar o seguimento e axustar a medida elaborárase unha memoria anual que reflecta cando menos:

- a) número de beneficiarias
- b) criterios empregados
- c) utilización das axudas
- d) seguimento dos destinos da axuda
- e) número de solicitudes denegadas
- f) motivo de denegación de solicitudes”

NESTE INTRE AUSÉNTASE DA REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. COELLO BUFILL.

**27(195).-PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA DURANTE O PERÍODO 1.03.04 Ó 28.02.05. EXPTE. 7102/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, que di o seguinte:

*A Comisión de Goberno de 28-01-2002 adxudicou o concurso para a xestión da Escola Municipal de Danza a D. Wenceslao Cabezas del Toro.*

*Na cláusula 5 do prego de condicións administrativas que rexiu a contratación establecíase como prazo do contrato o de dous anos dende o día un do mes seguinte a aquel no que se notifique o acordo de adxudicación. (ntificado no mesde febreiro de 2001). En esta mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorroga-lo contrato por anualidades ate un máximo de dúas.*

*O técnico responsable do Servizo de Festas propón a prorroga do contrato xa que existe plena satisfacción co servizo prestado ata o momento..*

*A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 01-03-2004 ó 28-02-2005 do contrato para a xestión da Escola Municipal de Danza adxudicado a D. Wenceslao Cabezas del Toro por acordo da Comisión de Goberno de 28-01-2001*

Constan no expediente os documentos contables AD polo importe do gasto que se propón realizar.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 01-03-2004 ó 28-02-2005 do contrato para a xestión da Escola Municipal de Danza adxudicado a D. Wenceslao Cabezas del Toro por acordo da Comisión de Goberno de 28-01-2001.

**28(196).-RATIFICACIÓN DE ESCRITO DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GALICIA DE CESIÓN GRATUITA Ó CONCELLO DE VIGO DO EDIFICO CAMBÓN PARA DESTINO A SERVICIOS ADMINISTRATIVOS DA ALCALDÍA E OUTROS ÓRGANOS DE GOBERNO DO CONCELLO. EXPTE. 16872/240.**

Antecedentes

Con data 26.01.04, a Excm. Alcaldesa do Concello de Vigo remitiu escrito ó Excmo. Sr. Conselleiro de Economía e Facenda solicitando a cesión gratuíta ó Concello de Vigo do edificio Cambón, que di o seguinte:

*O Concello de Vigo entre os seus obxectivos pretende levar a cabo actuacións e inversións que contribúan ó proceso de rehabilitación para potenciar e recuperar o Casco Vello de Vigo, con ese fin é necesario trasladar os servicios municipais da Alcaldía e demais órganos de goberno a esa zona emblemática da Cidade.*

*Temos coñecemento de que esa Administración Autónoma é titular do edificio denominado “Cambón” na rúa Palma s/n, de Vigo, e considerando que o mesmo se adecua ás necesidades e fins demandados, motiva o interés de poder dispoñer de dito inmovible por esta Administración.*

*Polo que solicitamos á Xunta de Galicia a cesión gratuita ó Concello de Vigo, do edificio denominado “Cambón” sito na rúa Palma s/n desta cidade, para o seu destino ás dependencias dos servicios administrativos municipais da Alcaldía e outros órganos de Goberno este Excmo. Concello.*

Con data 17.02.04 o xefe do Servico de Patrimonio informa o seguinte:

*“Pola Excm. Sra. Alcaldesa solicitouse, en data 26 de xaneiro de 2004, á Xunta de Galicia, a cesión a este concello do edificio denominado Cambón na Rúa Palma s/n, para seu destino a servicios municipais da Alcaldía e demais órganos de Goberno.*

*Tendo atribuídas, a Xunta de Goberno Local, as competencias en materia de xestión, adquisición e enaxenación do patrimonio, de conformidade co disposto no art. 127.1 f. da Lei 7/85 de Réximen Local (modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para modernización do Goberno local), dáselle traslado da solicitude formulada a ese Organo para seu coñecemento e no seu caso ratificación, adoptando, si así o estima conveniente, o seguinte acordo:...”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo



A Xunta de Goberno, de conformidade co informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, acorda:

1º.-Ratificar a solicitude formulada pola Excma. Sra. Alcaldesa de data 26 de xaneiro de 2004 á Xunta de Galicia, de cesión gratuita a este Excmo. Concello do edificio Cambón na rúa Palma s/n, para seu destino a servizos administrativos da propia Alcaldía e outros organos de Goberno do concello.

2º.- Facultar a Excma. Sra. Alcaldesa para a realización de todos aqueles trámites que sexan precisos ó obxecto de acadar dita cesión.

3º.-Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia (Consellería de Economía- Dirección Xeral de Patrimonio), para seu coñecemento e debidos efectos.

#### **29(197).-DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS:**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes da Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se especifican xa que as subministracións, servizos e obras foron recibidas, executáronse conforme coas condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

- a) A Inturasa Pérez Rumbao S.A. a fianza por importe de 1.141,92 € constituída para responder da subministración de vehículo para atestados da Policía Local. Expte. 17/241.
- b) A Anónimo Publicidad as fianza por importe de 7.600 e 8.400 € constituídas para responder das campañas de información “O Concello informa” e “O Vigo do novo século”. Expte. 48/241.
- c) A Securitas Seguridad España S.A. a fianza por importe de 2.762,25 constituída para responder da vixiancia e seguridade no Museo Quiñones de León. Expte. 49/241.
- d) A Obras y Construcciones Dios S.A. a fianza por importe de 3.553,18 € constituída para responder das obras de construción de nichos e cinceiros no cemiterio de Teis, recibidas mediante acta do 16.04.02. Expte. 56/241.
- e) A Aplicaciones de Informática Aevigo S.L. a fianza por importe de 959,04 € constituída para responder do aluguer de equipos informáticos. Expte. 53/241.

**30(198).-PROPOSTA PARA DAR DE BAIXA NO INVENTARIO DO CONCELLO DE VIGO DE VEHÍCULOS E AUTORIZACIÓN PARA ENAXENACIÓN PARA CHATARRA. EXPTE. 77/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 12.02.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, que di o seguinte:

*O xefe do Parque Móbil informa da existencia de dous vehículos municipais (PO-4686-U e PO-4414-U) e unha máquina caterpillar mod 816 que dada a súa antigüidade (máis de 20 anos) e estado de deterioro están retirados do servizo e propón a súa enaxenación para chatarra.*

*O artigo 6-4º do Regulamento de Bens das Entidades Locais considera como efectos non utilizables todos aqueles bens que polo seu deterioro ou deficiente estado de conservación resultaren inaplicables ós servizos públicos ou o normal aproveitamento, atendida a súa natureza e destino, aínda que os mesmos non foran ados de baixa no Inventario.*

*Por último a Comisión de Goberno celebrada o 17-03-2003 prorrogou ata o 30-05-2004 o contrato suscrito con Autodesguaces Vigo, S.L. para o alleamento de vehículos e outros materiais que se produza para chatarra por un prezo por Kg de 0,0488 euros.*

*A vista das anteriores consideracións, prponse a Xunta Local de Goberno a adopción do seguinte acordo:*

*Dar de baixa no Inventario do Concello de Vigo os vehículos PO-4686-U; PO-4414-U e a máquina caterpillar mod 816 xa que pola súa antigüidade resultan inaplicables ós servizos públicos e autoriza-la súa enaxenación para chatarra a favor de Autodesguaces Vigo S.L. a razón de 0,0488 euros Kg.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno presta conformidade á proposta contida no precedente informe.

### **31(199).-DAR CONTA DO INFORME SOBRE A EXECUCIÓN DA SENTENCIA Nº 2003 DO TSXG EN RELACIÓN COA CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS NA RÚA URZÁIZ E DA PRAZA DA INDEPENDENCIA. EXPTE. 11395/240.**

#### Antecedentes

En sesión de data 2.02.04 deuse conta á Xunta de Goberno do informe do xefe da Área de Réxime Interior de 9.01.04 sobre os trámites a realizar como consecuencia da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 2003 en relación coa concesión de dominio público de aparcadoiros subterráneos na rúa Urzáiz e Praza de Independencia, acordando a Xunta de Goberno “que se realicen os trámites necesarios para a execución da sentenza mencionada de acordo co que informe unha comisión formada polo secretario xeral do Pleno, o xefe de Área de Réxime Interior e o xefe do Servizo de Patrimonio”.

Reunida dita Comisión, emite informe con data 13.02.04, que di o seguinte:

*Reunida a Comisión designada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 02-02-2004 para informe dos tramites necesarios na execución da sentenza de referencia, cumpre sinalar o seguinte:*

*1º.- A comisión considera que os tramites necesarios que deberanse levar a cabo para o debido cumprimento da sentenza recaída no procedemento de contratación para a adxudicación en réxime de concesión administrativa de dominio da construción e explotación dos aparcamentos subterráneos da praza da Independencia e Urzaiz, quedan suficientemente explicitados no informe do Xefe de Réxime Interior de 09.01.2004 que se transcribe na parte expositiva do acordo da Xunta de Goberno Local de 02.02.2004.*

*2º.- Que de acordo co fallo da devandita sentenza e o citado informe as actuacións do expediente administrativo retrotraeranse ó tramite procedimental correspondente, de resolución expresa sobre a solicitude presentada pola empresa “Estacionamientos y Servicios S.A.”, de outorgamento de prazos para subsanación de defectos da documentación presentada por esta para a súa participación no concurso convocado.*

*3º.- Por conseguinte deberase convocar polo Presidente da Mesa de Contratación esta ós efectos de execución da devandita sentenza e pronunciamento expreso e motivado sobre a solicitude formulada pola empresa “Estacionamientos y Servicios, S.A.”.*

*Comunicándoselle a tódalas empresas concursantes a convocatoria de dita mesa para se así o estiman conveniente o seu personamento no acto.*

*Do acordado pola mesa en relación ó solicitado deberá levantarse a correspondente acta onde constará a motivación dándosele traslado no mesmo acto ós asistentes e o solicitante (Estacionamientos y Servicios, S.A.), tramite que quedará constancia na acta.*

*4º.- A mesa trala resolución que adopte sobre o solicitado, continuará co procedemento licitatorio ata a formulación ó órgano de contratación competente da correspondente proposta adxudicataria.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno presta a súa conformidade o precedente informe.

### **32(200).-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO PARA INVESTIMENTOS EN ZONAS PEONÍS-COMERCIAIS. EXPTE. 1399/104.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da coordinadora de Comercio e Turismo, do 16.02.04, conformado pola concelleira delegada de dito Servicio, que di o seguinte:

*A Consellería de Innovación, Industria e Comercio ven de publica-la orde de 5 de decembro de 2003, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para actividades de fomento ó investimento en mercados retallistas, en rúas e zonas peonís-comerciais, e noutros equipamentos comerciais de carácter social, en réxime de concorrência competitiva para o ano 2004.*

*Na liña de colaboración que a Concellería de Comercio e Industria do Concello de Vigo ven mantendo con todas as asociacións de comerciantes de Vigo, e en virtude das solicitudes presentadas para cada directiva, manifestando o seu interese en acollerse a estas axudas, iníciase o expediente administrativo para a solicitude formal diante da Consellería de Industria de axudas para investimentos nas zonas comerciais de Zona Centro e Casco Vello, xa que tal e como indica o apartado 2 do artigo 1º, estas subvencións deberán ser solicitadas polas corporacións locais.*

*A Concellería ten a intención de poñer en marcha un Plan de dinamización comercial, con diferentes actuacións de mellora e revitalización das zonas comerciais.*

*Entre as accións propostas están os Proxectos Ilumina, de iluminación artística de edificios históricos en zonas comerciais e o Proxecto de mellora estética de rúas comerciais, así como a realización do estudio de viabilidade para a remodelación da Plaza do Progreso.*

*Plantexados estes proxectos ás distintas asociacións de comerciantes co obxecto de conquistar unha maior implicación do sector, as directivas amosaron a súa total adhesión ás accións programadas pola Concellería.*

*Figura no expediente memoria descritiva dos investimentos a realizar, divididos en diferentes proxectos de interese para as zonas comerciais, a súa oportunidade, así como programa de execución dos mesmos, con especificación de datas de inicio e remate previstas.*

*Os proxectos a realizar nesta primeira fase son os seguintes:*

*-Ilumina: preténdese a recuperación e realce de edificios históricos da cidade mediante a súa iluminación artística, co obxecto de facer máis atractivos os elementos do patrimonio e os espazos nos que se insiren, como instrumento de promoción do comercio e do turismo. Nesta primeira fase preténdese acometer a iluminación da Casa Galega da Cultura e o Ponte López de Neira.*

*-Renovación estética zonas comerciais: preténdese a renovación estética das principais zonas comerciais da cidade, onde se están a desenvolver neste momento Centros Comerciais Urbanos, mediante a delimitación das zonas comerciais cunha estética unificada, que permita ó consumidor identificar o espazo de recreo no que entra a realizar a súa compra. Nesta 1ª fase acometerase a colocación de maceteiros colgantes nas principais zonas comerciais de Casco Vello e Zona Centro.*

*-Estudio de viabilidade e proxecto de execución remodelación Praza do Progreso: a citada Praza, que conforma a azotea do Mercado do Progreso, é unha zona pública de escasa utilidade na actualidade, xa que polas súas especiais características non funciona como lugar de esparcemento. Dado que se trata dunha praza pública, este espazo podería servir como polo de atracción de público, para disfrute de actividades na praza, que fagan dela un lugar de esparcemento durante todo o ano, a reconversión da Praza dotaría a esta zona comercial cunha oferta complementaria de ocio.*

*Os investimentos previstos nas zonas comerciais mencionadas, ascenden á contía total no ano 2004 de:197.217.74 €, no ano 2005: 80.000 € e no ano 2006: 80.000 € (IVA incluído), segundo presupostos que se achegan.*

*Xa que a contía máxima prevista no plan de axudas da Xunta de Galicia para cada investimento non poderá exceder do 70% da totalidade da cada proxecto, a Concellería de Turismo e Comercio do Concello de Vigo asinará un convenio de colaboración con cada unha das zonas comerciais, para compromete-lo resto do investimento.*

Dado que o prazo de presentación de solicitudes remata o vindeiro día 28 de xaneiro e a solicitude dos comerciantes, procede a aprobación do presente expediente, para a presentación da solicitude diante da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

En cumprimento do disposto no artigo 3º 2 a).

Para o caso de actuacións en inmobles municipais, achégase no expediente certificación acreditativa da titularidade dos mesmos.

Por todo o antedito, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Solicitar diante da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, ó abeiro da Orde de 5 de decembro de 2003, para investimentos en zonas peonís-comerciais, subvencións para as actuacións nas zonas comerciais, polas contías e conceptos que se describen no seguinte cadro”

#### PLAN DINAMIZACIÓN COMERCIAL

INMOBLE	CONCEPTO	PRESUPOSTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
Zona Centro	Proxecto de renovación estética das rúas comerciais de Zona Centro	Ano 2004: 40.000€ Ano 2005: 40.000€ Ano 2006: 40.000€	Ano 2004: 28.000€ Ano 2005: 28.000€ Ano 2006: 28.000€
Casco Vello	Proxecto de renovación estética das rúas comerciais do Casco Vello	Ano 2004: 40.000€ Ano 2005: 40.000€ Ano 2006: 40.000€	Ano 2004: 28.000€ Ano 2005: 28.000€ Ano 2006: 28.000€
Casa Galega da Cultura e Ponte López de Neira	Proxecto “Ilumina”	80.000 €	56.000 €
Praza do Progreso	Estudio de remodelación da Praza do Progreso	37.217,74 €	11.165,32 € (Máximo obxecto subvencionable para estudos de viabilidade 30%)
	TOTAL	357.217,74 EUROS	235.165,32 EUROS

### Acordo

A Xunta de Goberno presta conformidade á proposta contida no precedente informe e polo tanto acorda:

Solicitar diante da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, ó abeiro da Orde de 5 de decembro de 2003, para investimentos en zonas peonís-comerciais, subvencións para as actuacións nas zonas comerciais, polas contías e conceptos que se describen no seguinte cadro

#### *PLAN DINAMIZACIÓN COMERCIAL*

INMOBLE	CONCEPTO	PRESUPOSTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
<i>Zona Centro</i>	Proxecto de renovación estética das rúas comerciais de Zona Centro	Ano 2004: 40.000€ Ano 2005: 40.000€ Ano 2006: 40.000€	Ano 2004: 28.000€ Ano 2005: 28.000€ Ano 2006: 28.000€
<i>Casco Vello</i>	Proxecto de renovación estética das rúas comerciais do Casco Vello	Ano 2004: 40.000€ Ano 2005: 40.000€ Ano 2006: 40.000€	Ano 2004: 28.000€ Ano 2005: 28.000€ Ano 2006: 28.000€
<i>Casa Galega da Cultura e Ponte López de Neira</i>	Proxecto "Ilumina"	80.000 €	56.000 €
<i>Praza do Progreso</i>	Estudio de remodelación da Praza do Progreso	37.217,74 €	11.165,32 € (Máximo obxecto subvencionable para estudos de viabilidade 30%)
	TOTAL	357.217,74 EUROS	235.165,32 EUROS

**33(201) PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 26 DO PXOU DE VIGO: REORDENACIÓN DE VIAIS NA ZONA DE MEIXOEIRO-BEMBRIVE E ACCESOS Ó HOSPITAL DO MEIXOEIRO. EXPTE. 7545/411.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do técnico de Admón. Xeral e o arquitecto municipal adscritos ós Servicios de Planeamento-Xestión, do 21.01.04, que di o seguinte:

*FEITOS/ANTECEDENTES.*

- 1.1. *O Consello da Xerencia de Urbanismo de Vigo, en data 14 de marzo de 2002 acordou iniciar o expediente de Modificación Puntual nº 26 do Plan Xeral de Ordenación Urbana na zona do Meixoeiro (Bembrive) e accesos ó Hospital do Meixoeiro conforme coa proposta formulada pola Oficina municipal de actuacións viarias, encomendándose a tramitación do expediente ós servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento-Xestión da Xerencia de Urbanismo.*
- 1.2. *Redactado polos servizos técnicos municipais o expediente de Modificación Puntual solicitado, remitiuse o 27 de xuño de 2002 a informe das consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Urbanismo (CPTOPV) e de Cultura da Xunta de Galicia, en virtude do disposto na lexislación urbanística e sectorial de patrimonio cultural; neste último caso pola presenza, no ámbito da modificación, do xacemento arqueolóxico catalogado GA- 36057028, do Castro de Areiro.*
- 1.3. *O 8 de agosto de 2002 recibíuse informe do Sr. Conselleiro de PTOUV da Xunta de Galicia, de data 29 de xullo de 2002, relativo á Lei 1/97 do solo de Galicia, no que se formulaban dúas observacións: a primeira referente á necesidade de solicitar informes sectoriais (entre eles o de Estradas e o de Cultura); a segunda sobre a necesidade de xustificación dos cambios de clasificación de solo que e producían.*
- 1.4. *O 25 de febreiro de 2003 recibíuse informe desfavorable do Director Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, de data 13 de decembro de 2002, relativo á Lei 16/85, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, xa que a estrada proxectada (que por certo xa figuraba nese tramo así trazada no Plan Xeral vixente) atravesaría o propio castro, destruindo aproximadamente 2.500 m<sup>2</sup> do xacemento.*
- 1.5. *Trasladados estes informes á Oficina Municipal de Actuacións Viarias, redactouse unha nova proposta modificada da reordenación de viais na zona, na que se elimina o vial que atravesaba o xacemento arqueolóxico, a partir da cal elaborouse unha nova proposta de modificación puntual do Plan Xeral.*
- 1.6. *Esta nova Proposta de Modificación Puntual nº 26 do PXOU remitiuse a novo informe previo da CPTOPV, Consellería de Cultura e Demarcación de Estradas do Ministerio de Fomento, en xullo de 2003.*
- 1.7. *O 7 de agosto de 2003 recibíuse informe da Demarcación de Estradas do Ministerio de Fomento, en relación coa estrada nacional N-120, no que se formulan unha serie de consideracións relativas ó cumprimento da lexislación de estradas para os proxectos de accesos e urbanización, que deberán posteriormente redactarse.*
- 1.8. *O 12 de agosto de 2003 recibíuse informe favorable do Director Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 5 de agosto de 2003, indicando, non obstante, que o proxecto de obra deberá ser informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, por se houbera que introducir algunhas condicións de control e seguimento arqueolóxico en determinados puntos da traza.*
- 1.9. *O 7.01.2004 recibíuse o informe, fóra de prazo, do Director Xeral de Urbanismo de data 22 de decembro de 2003, no que se continúan formulando observacións; a principal relativa á imposibilidade, de acordo co disposto no artigo 95.1 da LOUGA, de conversión directa de Solo Non Urbanizable Común (equiparable a solo rústico) en Solo Urbano.*

1.10. Por tal razón, a documentación á que se refire este expediente corrixiuse novamente, no senso indicado pola Consellería, é dicir, evitando calquera reclasificación de solo rústico en urbano, que anteriormente se plantexaba únicamente para rectificar o que se entende un erro no PXOU e recoñecer a parcela completa do IES Manuel Antonio como íntegramente merecedora da clasificación de solo urbano, e non solo en parte.

## 2. OBXECTO.-

O presente expediente presenta as seguintes modificacións:

- 2.1 Ampliación a 16 metros da sección transversal dos viais xa previstos no PXOU para acceso o Hospital do Mexoeiro.
- 2.2 Eliminación do vial previsto o norte de Viña Grande con 12 metros de largo e que afectaba ó Castro do Areeiro, pasando este solo a ser clasificado como SNU 4 (especialmente protexido da paisaxe e masas forestais) e SNU 7 (de protección arqueolóxica).
- 2.3 Clasificación do Castro de Areeiro como SNU 7, de protección arqueolóxica, na superficie delimitada no catálogo de patrimonio arqueolóxico, anexo ó PXOU de Vigo.
- 2.4 Ampliación do percorrido do vial que discurre polo cumio do Monte do Meixoeiro (Camiño do Areeiro), ata acadar a residencia de Terceira Idade en construción, con obxecto de comunicar ambas residencias, cunha sección transversal de 12 metros.
- 2.5 Previsión dunha segunda vía de acceso ó Complexo Hospitalario mediante unha conexión directa entre os actuais accesos e a estrada de Viña Grande, que se amplía ata o Centro de Repsol, cunha sección transversal de 16 metros.
- 2.6 Reforzo dos nós de interconexión entre os distintos viais para que se poida garantir a capacidade nas interseccións da rede viaria.
- 2.7 Salvo os imprescindibles cambios de clasificación derivados da desaparición, ou ampliación do sistema viario, clasificación do castro de Areeiro como SNU 7, de protección arqueolóxica, non acontece ningunha outra variación respecto do PXOU actual. Os cambios que se propoñen nesta modificación puntual restrínxense, pois, ós mínimos necesarios e imprescindibles requiridos para a funcionalidade e accesibilidade dos equipamentos afectados e as rectificacións das clasificacións e cualificacións do Castro Areeiro.
- 2.8 Polo tanto, o cambio de cualificacións de diversos solos, e o feito de que ditos cambios determinen sumas de superficies netas positivas ou negativas non é en si mesmo significativo. Ditos cambios responden fundamentalmente á ampliación e modificación do viario público, dos que, en todo caso, resulta unha mellora substancial da accesibilidade das distintas parcelas que repercute directa e positivamente en cadanseu uso, gañando de maneira significativa a funcionalidade dos equipamentos existentes (é evidente que os equipamentos sen o seu viario de acceso non poden ter ningún tipo de uso, e se o teñen pode resultar coartado pola ausencia ou merma de capacidade e seguridade vial nos diferentes accesos, tal e como acontece na actualidade).



2.9 Coa modificación proposta non se produce ningunha conversión ou inclusión directa de solo rústico en solo urbano.

### 3. A DOCUMENTACIÓN PARA APROBACIÓN INICIAL.-

3.1. Unha vez correxido a consecuencia dos informes previos solicitados da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, e da Consellería de Cultura, así como da Demarcación de Estradas do Ministerio de Fomento, a Modificación Puntual comprende os seguintes documentos:

A Modificación queda plasmadas nos seguintes documentos:

#### - MEMORIA TÉCNICA

1.Introducción

2.Memoria informativa e xustificativa

3.Consideracións xurídicas

ANEXO: ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO PARA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU DE VIGO.

#### - ANEXOS DOCUMENTAIS

1.- Acordos plenarios relativos ó Protocolo de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais para a construción dunha residencia da terceira idade en Bembrive.

2.- Acordos relativos á cesión dunha parcela da Entidade Local Menor de Bembrive para a construción dunha residencia da terceira idade, no Monte de Areiro.

3.- Ficha do Catálogo de Protección Arqueolóxica do Castro de Areiro (Xacemento GA 36057028 ).

4.- ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO PARA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU DE VIGO (Redactado pola Oficina de actuacións viarias do Concello de Vigo)

#### -PLANOS

De información:

I-1: Situación no Termino Municipal 1/25.000

I-2: Ámbito da modificación sobre o planeamento vixente 1/2.000

I-3: Superficies por ordenanzas no planeamento actual e na modificación 1/2.000 (Reformado en febreiro de 2004)

De proxecto:

P-1 : Modificación proposta 1/2.000 (Reformado en febreiro de 2004)

P-2 : Plano 20-29 do Plan modificado

P-3 : Plano 21-29 do Plan modificado

P-4: Plano 22-29 do Plan modificado (Reformado en febreiro de 2004)

P-5: Plano 21-30 do Plan modificado

P-6: Plano 22-30 do Plan modificado

P-7: Plano 23-30 do Plan modificado

*Esta documentación correxida substitúe á primeira presentada, permanecendo no expediente a substituída coa correspondente dilixencia.*

#### **4. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.**

*A alteración do contido dos instrumentos de planeamento configúrase como unha potestad administrativa, a denominada “potestas variandi”, que corresponde ás entidades locais e a Comunidade Autónoma, como administracións con competencias na formulación do planeamento, para iniciar discrecionalmente a súa modificación ou, no seu caso, revisión, a fin de adaptalo ás esixencias cambiantes do interés público.*

*Dita alteración, segundo dispón o artigo 93 LOUGA, pode ter lugar mediante a revisión dos mesmos ou a modificación dalgún ou algúns dos elementos que os constitúen. No presente caso, habida conta a entidade e características da modificación pretendida, a mesma reviste os caracteres dunha mera modificación de elementos puntuales do plan xeral.*

*De acordo coa disposición transitoria primeira 1. g) da vixente LOUGA "as modificacións e revisións do planeamento vixente á entrada en vigor da lei deben axustarse ó disposto na mesma."*

*Os artigos 93. 4 e 94 da LOUGA establecen que "A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e orsenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación" e que "calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas."*

*O artigo 61 LOUGA incorpora, como novidade, á documentación do plan xeral de ordenación municipal o estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, que “terá por obxecto a análise e ponderación dos efectos da execución e desenvolvemento das determinacións do plan xeral sobre os recursos naturais e o medio físico, a adopción das medidas correctoras necesarias para minimiza-los seus impactos e a valoración da adecuación das infraestruturas e servicios necesarios para garanti-los novos desenvolvementos en condicións de calidade e sostibilidade ambiental, así como a súa coherencia cos obxectivos de protección do dominio público natural. O documento elaborado deberá incluí-la correspondente ficha-resumo das afeccións que puidesen incidir en cada un dos recursos naturais e bens que se van protexer, o catálogo das medidas correctoras, se é o caso, e a xustificación da implantación das novas infraestruturas e servicios urbanos.”*

*Finalmente, o artigo 94. 5 LOUGA determina que: "Non se poderán aprobar modificacións de planeamento que impliquen a diminución ou eliminación de dotacións públicas, sen preve-la substitución das que se eliminan por outras de superficie e funcionalidade similar no mesmo distrito ou sector, segundo se trate de solo urbano ou urbanizable, agás que se xustifique a súa innecesiedade e se manteñan os estándares de reserva mínimos establecidos nesta lei."*

*A presente modificación fundaméntase en razóns de interés público debidamente xustificadas na memoria que antecede: a insuficiencia da previsión viaria no vixente PXOU para os accesos ó Complexo Hospitalario do Meixoeiro; a eliminación da afección ó Catro do Areeiro que provoca o vial previsto o norte do de Viña Grande, facendo desaparecer este e establecendo unha conexión directa entre os actuais accesos ó hospital e a estrada de Viña Grande .*

*A modificación incorpora, como anexo, un estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, redactado pola Oficina de Actuacións Viarias, no que se analizan e ponderan os efectos da execución e*

*desenvolvemento das novas determinacións da modificación sobre os recursos naturais e o medio físico e se xustifican as solucións adoutadas.*

*A lixeira diminución de superficies de terreo destinadas a dotacións públicas, que ten lugar por efecto da modificación, débese ós axustes e ampliacións na rede viaria pública e compénsase coas novas dotacións viarias, das que deriva unha mellora siñificativa da accesibilidade das distintas parcelas e da funcionalidade dos equipamentos existentes.*

*Toda vez que a modificación afecta --coa pretensión de evitalo-- ó Castro Areiro, xacemento arqueolóxico catalogado GA 36057028, e incide nos accesos a estrada N-120 (Autovía A-52) Vigo-Madrid, o expediente, de acordo coas lexislacións de Patrimonio Histórico e Estradas, o expediente foi remitido a informe da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e do Ministerio de Fomento.*

*Cóntase co informe favorable da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, de data 5/08/2003.*

*En base ó informado pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, do Ministerio de Fomento, o 14/10/2003, faise constar expresamente neste expediente que : "En canto ós accesos á estrada N-120 , ou modificación dos existentes, deberase estar ó preceptuado no Título III, Uso e Defensa das estradas, Capítulo Segundo, Accesos do Regulamento Xeral de Estradas ( art. 101 e seguintes) así como axustarse ás determinacións da O.M. de 16 de decembro de 1.997, pola que se regulan os accesos ás estradas do Estado,as vías de servizo e a construción das instalacións de servizo."*

*Por outra parte, de acordo co informe do conselleiro da CPTOPV, de 29 de xullo de 2002, deberá solicitarse informe das consellerías de Educación, Sanidade e Servizos Sociais en canto a diminución das respectivas superficies dotacionais, adscritas ás devanditas consellerías, que a modificación comporta. O informe do Director Xeral de Urbanismo da mesma CPTOPV, de data 22 de decembro de 2003 permite a continuación na tramitación do expediente ata a súa aprobación provisional polo Concello, e a posterior remisión á Consellería para aprobación definitiva (art. 85.5 da LOUGA).*

*Na tramitación do expediente haberase de seguir o disposto no artigo 85 LOUGA, sobre procedemento de aprobación do Plan Xeral: aprobación inicial; trámite de información pública, como mínimo durante un mes e como máximo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOGA e en dous dos xornais de maior circulación da provincia, debendo publicarse o anuncio, neste último caso, en dous días consecutivos, con audiencia simultánea ós municipios limítrofes; aprobación provisional polo Concello Pleno e aprobación definitiva polo órgano autonómico competente.*

*E competente para aprobar inicial e provisionalmente a presente modificación do planeamento xeral, de acordo co artigo 123. 1. i), da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, O Concello-Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno (artigo 123.2 LRBRL)*

## **5. PROPOSTA DE ACORDO.**

*Por todo lo exposto e de conformidade coas precedentes consideracións e preceptos citados, proponse ó Concello-Pleno, previo dictame favorable do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a adopción do seguinte ACORDO..."*

Conclúen o informe formulando a proposta que se transcribe de seguido.

Con data 12.02.03 o Consello da Xerencia de Urbanismo, de conformidade co antedito informe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 26 DO PXOU, RELATIVA Á REORDENACIÓN DE VIAIS NA ZONA DE MEIXOEIRO (BEMBRIVE), E ACCESOS Ó HOSPITAL DO MEIXOEIRO ( EXPEDIENTE 7545/411), planeamento de iniciativa municipal redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, para dar cumprimento ó acordo do Consello de Xerencia de 14 de marzo de 2002.

Segundo.- O acordo de aprobación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias nos ámbitos do territorio obxecto de planeamento nos que as novas determinacións supoñan a modificación da ordenacións urbanística vixente.

Terceiro.- Sométase o expediente ó trámite de información pública durante un mes, de acordo co disposto no artigo 86.1 da LOUGA, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia, debendo publicarse o anuncio, neste último caso, en dous días consecutivos, con audiencia simultánea ós municipios limítrofes.

Cuarto.- Previamente á aprobación provisional, solicítense informes da Consellería de Educación e de Sanidade, relativos á redución de superficie dotacional que se produce por ampliación do viario.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, tendo en conta o que establece o artigo 127.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril (LRBRL), acorda aproba-lo proxecto de instrumento de ordenación urbanística proposta polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e a súa remisión ó Concello Pleno para que adopte o acordo que propón este órgano.

### **34(202).-PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO EXPROPIATORIO POR TAXACIÓN CONXUNTA DE PARCELA AFECTADA POLO ENSANCHE DA RÚA TELLEIRA (CASTRELOS). EXPTE. 173/413.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 4.02.04, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente no 29 de abril de 1993 (PXOU-93) preveuse a urbanización e o ensanche do camiño de Telleira no seu encontro coa Avda. de Castrelos, ata acadar unha sección de 12 metros.

En xaneiro de 2004 a oficina técnica do departamento de Planeamento da Xerencia de Urbanismo redactou o correspondente Proxecto de Urbanización a fin de executa-las determinacións do Plan Xeral. Na Memoria do Proxecto precísase que ten como obxectivo solucionar-lo acceso a unha zona do municipio densificada polo tráfico pesado das industrias próximas e polas novas edificacións residenciais. Con esta obra ampliarase o ancho do camiño de Telleira, dos 5 metros actuais ós 12 previstos no Plan Xeral, coa conseguinte apertura de beirarrúas e mellora substancial de visibilidade no cruce coa Avda. de Castrelos. Incrementarase así a seguridade dos peóns e vehículos que transiten pola zona.

As obras afectarán nunha superficie de 125,40 m<sup>2</sup> a unha propiedade privada cualificada como solo urbano consolidado. Por tal motivo incoouse este procedemento expropiatorio.

No 30/01/2004 o arquitecto técnico municipal emitiu un Informe no que se describen e valoran os bens e dereitos afectados pola expropiación, co seguinte resultado:

TITULARES: D<sup>a</sup> Luisa Margarita Sobrino Ramilo.  
D<sup>a</sup> Olga Pompeya Sobrino Ramilo.

UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE
125 m <sup>2</sup>	Terreo	91,52 euros/m <sup>2</sup>	11.476,61
1,00 ud.	Traslado portalón	330,56 euros	330,56
17,86 m <sup>2</sup>	Peche de bloques	30,05 euros/m <sup>2</sup>	536,69
31,59 m <sup>2</sup>	Peche de bloques	30,05 euros/m <sup>2</sup>	949,28
23,40 m <sup>2</sup>	Peche tela metálica	15,63 euros/m <sup>2</sup>	365,74
8,00 ud.	Postes formigón	7,21 euros/ud.	57,68
Suma .....			13.716,56 euros
5 % premio afección .....			685,83 euros
Total valoración .....			14.402,39 euros

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Dispoñe o Art. 33 Lei 6/1998, do 13 de abril, de Réxime do Solo e Valoracións (LRSV) que: "A aprobación de Plans de ordenación urbana e de delimitacións de ámbitos de xestión a desenvolver por expropiación implicará a declaración de utilidade pública das obras e a necesidade de ocupación dos terreos e edificios correspondentes, ós fins de expropiación e imposición de servidumes".

Neste caso, o vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado no 29/04/1993 (PXOU-93) afecta ó terreo obxecto desta expropiación ó ensanche e urbanización do referido vial.

II.- Este procedemento expropiatorio tramitarase por "taxación conxunta", consonte co preceptuado nos Arts. 143 e 144 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). Unha vez aprobado definitivamente, o pagamento ou depósito do importe da valoración establecida permitirá a ocupación dos bens afectados, sen prexuízo, no seu caso, da remisión do expediente ó Xurado Provincial de Expropiación Forzosa.

III.- As valoracións dos bens e dereitos afectados calculáronse ó teor do disposto nos Arts. 23 e ss. LRSV e RD 1020/1993, do 25 de xuño.

IV.- É competente para aprobar inicial e definitivamente este Proxecto de Expropiación a Xunta de Goberno Local, segundo preceptúa o Art. 127.1.d) Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro.

En virtude do exposto, proponse ó Consello da Xerencia, para que a súa vez lle propoña á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO....”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta do técnico de Planeamento e Xestión ,  
acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta dos terreos afectados polo ensanche e urbanización da rúa Telleira en Castrelos, coas valoracións e folia de prezo xusto redactadas polos técnicos municipais en xaneiro de 2004 (exp. 173/413).

2º.- Abrir un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncios no DOG e nun xornal dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo, xunto cunha copia do Informe técnico de valoración e follas de xusto prezo individualizado ós interesados na forma legalmente establecida.

#### **35(203).- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN NA RÚA TELLEIRA (CASTRELOS). EXPTE. 4472/411.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 4.02.04, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29 de abril de 1993 (PXOU-93) preveuse a urbanización e o ensanche do camiño de Telleira no seu encontro coa Avda. de Castrelos, ata acadar unha sección de 12 metros.

En xaneiro de 2004 a oficina técnica do departamento de Planeamento da Xerencia de Urbanismo redactou o correspondente Proxecto de Urbanización, composto de Memoria, Planos, Prego de Condicións, Medicións/Presupostos e Estudio Básico de Seguridade e Saúde.

Na Memoria do Proxecto precísase que ten como obxectivo solucionar-lo acceso a unha zona do municipio densificada polo tráfico pesado das industrias próximas e polas novas edificacións residenciais. Con esta obra ampliarase o ancho do camiño de Telleira, dos 5 metros actuais ós 12 previstos no Plan Xeral, coa conseguinte apertura de beirarrúas e mellora substancial de visibilidade no cruce coa Avda. de Castrelos. Incrementarase así a seguridade dos peóns e vehículos que transiten pola zona.

O presuposto total da execución material da obra, incluído IVE, ascende a 21.758 euros. Será custeado pola entidade mercantil "Viviendas Castrelos S.L." de acordo co Convenio Urbanístico de Xestión que se está tramitando paralelamente.

O prazo de execución do proxecto de urbanización será de dous meses.

Finalmente, as obras afectarán a unha propiedade privada que deberá ser expropiada. Para tal fin incoouse nesta Administración municipal o correspondente procedemento expropiatorio, co núm. de expte. 173/413.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

O Proxecto de Urbanización de referencia ampárase no disposto no Art. 110 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) e Arts. 67 e ss. do RD 2159/1978, do 23 de xuño, aprobatorio do Regulamento de Planeamento Urbanístico (RPU). Limitase a executa-las aliñacións establecidas directamente no Plan Xeral sobre o Camiño de Telleira.

Os terreos afectados por esta obra dispoñen da calificación de solo urbano consolidado, motivo polo cal deberán obterse por expropiación.

De conformidade co preceptuado no Art. 110.4 LOUGA, tra-la aprobación inicial do Proxecto de Urbanización abrírase un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncio no BOP e nun dos diarios dos de maior circulación na provincia.

É competente para aprobar inicial e definitivamente este Proxecto de Urbanización a Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no Art. 127.1.d) Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro.

En virtude do exposto, proponse ó Consello da Xerencia, para que a súa vez lle propoña á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:....”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

## Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta do técnico de Planeamento e Xestión ,  
acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización da rúa Telleira (Castrelos) redactado de oficio polos servizos técnicos municipais, cun custe de execución material de 21.758,58 euros (expte. 4472/401).

2º.- Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na provincia. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á entidade mercantil "Viviendas Castrelos S.L." e ós propietarios afectados polo Proxecto de Urbanización.

### **36(204).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DA APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDIO DE DETALLE NA TRAVESÍA DE VIGO Nº 51. EXPTE. 8134/411.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 6.02.04, que di o seguinte:

*Con data do 27 de xaneiro de 2003 o arquitecto D. Ramon Reboreda Martínez, en representación de D<sup>a</sup>. María Concepción Ríos Parga e D. Javier Romero González, presentou ante esta Administración municipal un estudio de detalle para a parcela sinalada co número 51 da Avda. Travesía de Vigo, dunha superficie de 430 m<sup>2</sup>, co obxecto de reordena-lo volume edificable de toda a parcela, considerándoa en toda a súa totalidade cualificada coa ordenanza 1.1.B, de edificación pechada.*

*O arquitecto municipal, con data do 6 de marzo de 2003, informou desfavorablemente o estudio de detalle presentado, polas razóns que seguen:*

- *Erro no cómputo da edificabilidade asignada polo PXOU á parcela que é de 1.711,36 m<sup>2</sup> e non de 2.046,33 m<sup>2</sup>.*
- *Os criterios para a aplicación da excepción de altura son aplicables na ordenanza 1.1, pero neste caso as edificacións que supostamente xustifican a excepción están situadas nunha zona de ordenanza 1.2.C e deben considerarse como fora de ordenación.*
- *O estudio de detalle presentado aumenta a superficie de ocupación da ordenanza 1.1.B, en contra do disposto no artigo 73.2 da LOUGA, no que se establece que os estudos de detalle non poden altera-lo destino urbanístico do solo.*

*Polo demais, os estudos de detalle, de acordo co devandito artigo 73 da LOUGA, deberán redactarse para quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas, non admitíndose, como ocorre no presente caso, para parcelas individuais, non constitutivas dun quinteiro ou unidade urbana equivalente completa.*

*Polo exposto, e de acordo co artigo 127.d) da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O ...”*



Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta do técnico de Planeamento e Xestión ,  
acorda:

Primeiro.- Rexeita-la aprobación inicial do estudio de detalle, con visado do COAG do 30 de decembro de 2002, presentado o 27 de xaneiro de 2003 polo arquitecto D. Ramon Reboreda Martínez, en representación de D<sup>a</sup>. María Concepción Rios Parga e D. Javier Romero González, sobre a parcela sinalada co número 51 da Avda. Travesía de Vigo, dunha superficie de 430 m<sup>2</sup>, para a reordenación do volume edificable da mesma.

Segundo.- Notifíquese en legal forma o presente acordo ós interesados no expediente.

### **37(205).-ACEPTACIÓN DE CESIÓN GRATUITAS PARA ENSANCHE E MELLORA DA ESTRADA IGREXA, PORTO E QUINTIÁN (BEADE). EXPTE. 25856/250.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 6.02.04, que di o seguinte:

*A Asociación de Veciños de Beade, en data do 22 de marzo de 1999 presentou, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, a relación de propietarios que cederon parte do seu terreno para a ampliación e mellora da estrada Igrexa, Porto e Quintián, na parroquia de Beade, para que se lles recoñeza a superficie cedida a tódolos efectos urbanísticos. Tódolos propietarios aportan ó seu correspondente título de propiedade.*

*Por parte do departamento municipal de Vías e Obras requeriuse o correspondente levantamento topográfico das cesións efectuadas. O técnico adscrito ó departamento municipal de Cartografía, con data do 30 de outubro de 2003, informa que as superficies dos terreos de cesión son as que se describen a continuación:*

PROPIETARIO	CESIÓN (m <sup>2</sup> )
<i>Abalde Abalde, Demetria</i>	<i>30,00</i>
<i>Abalde Alonso, Guillermo</i>	<i>100,00</i>
<i>Abalde Comesaña, Concepción</i>	<i>70,00</i>
<i>Alonso Estevez, Angel</i>	<i>75,00</i>
<i>Alonso Estevez, Angel</i>	<i>190,00</i>
<i>Alonso Estevez, Angel</i>	<i>195,00</i>
<i>Barros Gamero, Fernando</i>	<i>150,00</i>
<i>Bastos Comesaña, Alfonso</i>	<i>91,00</i>
<i>Bastos Comesaña, Otilia</i>	<i>95,00</i>
<i>Bastos Rodriguez, Manuel</i>	<i>200,00</i>
<i>Comesaña Fernandez, M<sup>a</sup>. Teresa</i>	<i>105,00</i>

<i>Correa Barreiro, Enrique</i>	<i>144,00</i>
<i>Correa Barros, Silvino</i>	<i>180,00</i>
<i>Correa Vila, Jose Enrique</i>	<i>135,00</i>
<i>Davila Couñago, Mercedes</i>	<i>55,00</i>
<i>Estevez Seijo, Francisco</i>	<i>119,00</i>
<i>Fernandez Barros, Ricardo</i>	<i>133,00</i>
<i>Figueroa Posada, Carmen</i>	<i>25,00</i>
<i>Figueroa Posada, Inocencia</i>	<i>85,00</i>
<i>García González, Jose</i>	<i>56,00</i>
<i>García Varela, Jose</i>	<i>130,00</i>
<i>Gómez Correa, Antonio</i>	<i>72,50</i>
<i>Leiros Abalde, Sara</i>	<i>235,00</i>
<i>Leiros Abalde, Sara</i>	<i>50,00</i>
<i>Pequeño Pérez, Higinio</i>	<i>43,00</i>
<i>Pérez Abalde, Esperanza</i>	<i>15,00</i>
<i>Pérez Abalde, Esperanza</i>	<i>90,00</i>
<i>Pérez Abalde, Esperanza</i>	<i>25,00</i>
<i>Pérez Conde, Eusebio Roberto</i>	<i>36,00</i>
<i>Pérez Vila, Carmen e Cesareo</i>	<i>45,00</i>
<i>Posada Abalde, Eugenio</i>	<i>116,00</i>
<i>Rodríguez Alvarez, Abel</i>	<i>116,00</i>
<i>Rodríguez Quintas, Esperanza</i>	<i>75,00</i>
<i>Rodríguez Quintas, Esperanza</i>	<i>120,00</i>
<i>Suarez Ramilo, Enrique</i>	<i>137,00</i>
<i>Vila Abalde, Benita</i>	<i>110,00</i>
<i>Vila Barros, Carmen</i>	<i>36,00</i>
<i>Vila Barros, Purificación</i>	<i>101,50</i>

*Segundo o informe evacuado, en data do 13 de xaneiro de 2004, polo enxeñeiro técnico de obras públicas, adscrito ó departamento municipal de Planeamento e Xestión, os terreos colindantes cos que son obxecto de cesión, segundo o PXOU vixente, están na súa maioría clasificados como solos urbanos, afectos a distintas calificacións: 1.3.A, 1.3.B, 3.1.A, 3.1.B e, incluso, dentro do ámbito da “U.A. Carballo do Pazo 3”. Unha mínima parte sitúase no P.P. 4 do núcleo 02.14 “PENA 1”, e outra no PAU 4 do núcleo 02.16 “CARTO DO VIÑO” .*

*A este respecto procede informar que as normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo establecen, no apartado 3.2.2., que nas cesións obrigatorias dos terrenos afectados pola aliñación da rúa á que a parcela dea fronte --supostos de solicitude de obra nova e de rehabilitación integral--, recoñecerase ós propietarios a edificabilidade e densidade correspondente á parcela inicial, e que, así mesmo, está considerarse a efectos de parcela mínima. Xa que logo, procede considerar que a cesión anticipada dos referidos m<sup>2</sup> de superficie de terreo debe xerar a favor dos propietarios cedentes os mesmos dereitos que os que provoca a cesión determinada pola concesión dunha licenza de obra nova ou rehabilitación integral.*

*Igualmente, e polas mesmas razóns --cesión anticipada e non obrigada de terreos para viais--, procedería recoñecer tales dereitos ós no caso de execución do plan xeral mediante a delimitación de polígonos ou unidades reparcelables.*

*Polo exposto, e de acordo co artigo 127.d) da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo...”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta do técnico de Planeamento e Xestión ,  
acorda:

1º.- Acepta-la cesión gratuita ó Concello de Vigo, por parte dos propietarios relacionados na parte expositiva deste acordo, das superficies segregadas das respectivas fincas da súa propiedade, con destino ó ensanche da estrada Igrexa-Porto-Quintian, na parroquia de Beade.

2º.- Estas cesións deberán elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e enténdense sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licencia de obra nova ou rehabilitación integral, poidan esixirse por esta Administración municipal de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

3º.- Ter por recoñecidos ós cedentes nas respectivas parcelas matrices a edificabilidade e densidade correspondente á superficie cedida, así como considerar estas superficies cedidas a efectos de parcela mínima, en relación coas mesmas parcelas matrices.

#### **38(206).- SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN COMPENSATORIA DE APROVEITAMENTO DE PARCELA SITUADA NA RÚA TOMÁS A. ALONSO, 132-136. EXPTE. 4358/401.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Administración Xeral do Servicio de Planeamento e Xestión, do 4.02.04, conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

*A mercantil “Desarrollo Industrial, Comercial e Empresarial de Galicia, S.L.” (DICEGA, S.L.), con data do 25 de abril de 2002 presenta ante esta Administración municipal escrito no que afirma ser titular dunha opción de compra sobre unha parcela, situada na rúa Tomás A. Alonso, clasificada como solo urbano e cualificada coa ordenanza 3.1.A de zonas verdes e libres que describe como: “Terreno de catrocentos quince metros cadrados, aproximadamente, no que se atopa unha casa en ruínas de oitenta metros cadrados, aproximadamente, e que se atopa entre os números 132 e 136 da rúa Tomás A. Alonso desta cidade de Vigo. Linda, Norte, camiño de San Gregorio; Sur, rúa Tomás A. Alonso; Leste, camiño de San Gregorio e rúa Tomás A. Alonso; e Oeste, edificio sinalado actualmente co número 134 da rúa Tomás A. Alonso. Referencia catastral: 1255101 NG2715S 0001 RK.”*

O arquitecto adscrito ó departamento municipal de Planeamento e Xestión, con data do 7 de outubro de 2002, informou o que segue:

*“A parcela está calificada, segundo o PXOU vixente, coa ordenanza 3.1.A de zonas verdes e libres.*

*Segundo os artigos 64.1 e 65.1 da Lei 1/97 do solo de Galicia, a parcela en cuestión está clasificada como SOLO URBANO CONSOLIDADO, dado que non resulta necesario o desenvolvemento de actuacións de execución integral, e polo tanto non poderá ser incluído nun proceso de equidistribución de cargas e beneficios para a súa obtención por cesión gratuita.”*

*De conformidade co artigo 167.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os terreos destinados polo planeamento a dotacións locais en solo urbano consolidado obteráanse mediante expropiación forzosa, por convenio entre a administración e o propietario, ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do solo.*

*Nos plans de acutación desta Xerencia Municipal de Urbanismo non inclúen unha próxima obtención da parcela de referencia, sen prexuízo de que esta poda ter lugar a virtude dun eventual convenio que a solicitante poida ofrecer.*

*Non obstante, de acordo co artigo 99 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia: “Cando transcorran cinco anos desde a entrada en vigor do plan sen que se leve a efecto a expropiación dos terreos que estean destinados a sistemas xerais ou dotacións públicas locais que non deban ser obxecto de cesión obrigatoria por non resultar posible a xusta distribución de beneficios e cargas, o titular dos bens advertirá á administración do seu propósito de iniciar o expediente de prezo xusto, que poderá levarse a cabo por ministerio da lei se transcorren outros dous anos desde o momento de efectuar a advertencia.*

*Para iso, o propietario poderá presentar a correspondente folla de aprecio, e, se transcorresen tres meses sen que a administración a acepte, poderá aquel dirixirse ao Xurado de Expropiación de Galicia, que fixará o prezo xusto.”*

*Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo...”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta do técnico de Planeamento e Xestión ,  
acorda:

1º.- Prestar conformidade ós informes técnicos transcritos nos antecedentes do presente acordo e resolve-la petición formulada pola mercantil “Desarrollo Industrial, Comercial e Empresarial de Galicia, S.L.” (DICEGA, S.L.), con data do 25 de abril de 2002, ante esta Administración municipal, en relación á parcela arriba descrita, no sentido de informar a mesma nos termos que se recollen nos ditos informes.

2º.- Notifíquese o acordo en legal forma á interesada.

**39(207).- PROPOSTA SOBRE O DESTINO DOS BENS DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO E AFECTACIÓN DOS RECURSOS OBTIDOS MEDIANTE O SEU ALLEAMENTO OU SUBSTITUCIÓN DO APROVEITAMENTO. EXPTE. 100277/140.**

Antecedentes

Con data 27.10.03 o xefe do Servizo de Recursos e Asesoramento emite informe-proposta solicitado por Intervención Xeral sobre o destino dos bens do patrimonio municipal do solo e afectación dos recursos obtidos mediante o seu alleamento ou substitución de aproveitamento (reversión).

En escrito de 30.01.04 a interventora xeral remite o expediente ó Sr. Xerente municipal de Urbanismo ós efectos de que á vista do citado informe-proposta formule proposta de acordo sobre este asunto.

Con data 6.02.04 o xefe dos Servizos Centrais da Xerencia de Urbanismo, emite o seguinte informe-proposta, conformado polo xerente de Urbanismo e pola interventora xeral:

“A entrada en vigor no 2003 da Lei galega 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia ampliou de forma considerable o destino do patrimonio municipal do solo, “prevéndose expresamente que poida dedicarse á obtención de dotacións públicas, á planificación e xestión urbanística, á creación de solo para o exercicio de actividades empresariais compatibles co desenvolvemento sostible, á conservación e mellora do medio ambiente, do medio rural e do patrimonio cultural; en definitiva, á actuacións públicas vinculadas á ordenación territorial e ó urbanismo, e previstas no planeamento” (Punto 12 da Exposición de motivos da citada Lei galega).

Esta nova regulación autonómica debe compatibilizarse co vixente artigo 276.2 do Texto refundido da Lei do solo estatal. É necesario, por tanto, buscar o artellamento deste precepto básico coa Lei galega.

Por outra parte, compartimos a preocupación manifestada pola Intervención Xeral deste Concello no seu informe-proposta do pasado 30 de xaneiro de 2004, “que a Corporación teña un criterio xeral sobre o asunto de referencia e non ter que discutir e motivar expediente por expediente si procede ou non afectar recursos obtidos do PMS”.

O informe emitido polo xefe da Unidade de Recursos e Asesoramento, o pasado 27 de outubro de 2003, por encargo da Intervención Xeral, establece as seguintes conclusións:

*“Primeira.- O artellamento do precepto básico estatal contido no artigo 276.2 do TRLS e do desenvolvemento autonómico previsto no artigo 177 da LOUGA, debe facerse sobre a base de considerar que o lexislador autonómico establece neste precepto unha serie de actuacións que considera que van redundar nunha conservación ou ampliación do PMS.*

*Segunda.- As actuacións que se poden levar a cabo con base no artigo 177 de LOUGA, haberán de ser congruentes coa finalidade que xustifica a existencia mesma do PMS, que non é outra que a de regular o mercado a fin de evitar a especulación do solo no marco dos principios rectores da política social e económica (artigo 47 da CE), que inspirará a actuación dos poderes públicos.*

*É polo tanto necesario que nas correspondentes decisións que a Administración adopte, se exprese de forma clara na súa motivación, a vinculación entre o destino daqueles dos recursos obtidos do PMS e a finalidade de este.*

*Terceira.- O complexo artellamento do artigo 276.2 do TRLS e do 177 da LOUGA, impón adoptar unha actuación prudente en canto ó destino que se lle dea ós citados recursos, centrando as actuacións que poidan realizarse con cargo ó PMS naquelas que dunha forma clara garden íntima relación coa loita contra a especulación.*

*Dita prudencia debe traducirse en excluir do ámbito das actuacións a realizar con cargo ó PMS, todas aquelas que merezan a cualificación de gasto corrente e de gasto de investimento por reposición, coa salvedade que máis adiantese realiza.*

*Cuarta.- Coa limitación indicada, e sempre que se xustifique a vinculación á finalidade ó PMS, as actuacións a realizar con cargo a este, poderían ser as seguintes:*

*A) Construcción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.*

*B) Conservación e ampliación do propio patrimonio.*

*C) Creación de solo para o exercicio de actividades empresariais compatibles co desenvolvemento sostible.*

*D) Actuacións tendentes á elaboración e execución dos plans urbanísticos, entre as que cabe indicar, coas necesarias adaptacións, as sinaladas nos artigos 132 da LOUGA e 59 a 61 do RXU, entre as que cabe citar as seguintes:*

- 1) Obras de vialidade, incluíndose nelas as de explanación, afirmado e pavimentación de calzadas, construción e encintado de beirarrúas e canalizacións que deban construírse no subsolo da vía pública para servizos.*
- 2) Obras de saneamento, que comprenden colectores xerais e parciais, acometidas, sumidoiros e atarxeas para augas pluviais e estacións depuradoras, na proporción que afecte á unidade de actuación ou polígono.*
- 3) Subministro de auga, no que se incluírán as obras de captación cando fosen necesarias, distribución domiciliaria de auga potable, de rego e de hidrantes contra incendios.*
- 4) Suministro de enerxía eléctrica, incluídas condución e distribución, e alumado público.*
- 5) Xardinería e arborado en parques, xardíns e vías públicas.*
- 6) Indemnizacións debidas ós propietarios e arrendatarios de edificios e construcións de calquera tipo que teñan que derrubarse para a correcta execución do Plan, así como as indemnizacións derivadas de destrución de plantacións, obras e instalacións incompatibles co Plan que se execute.*
- 7) O custo de redacción e tramitación de instrumentos de planeamento e xestión.*
- 8) Os gastos de control de calidade da urbanización.*

*E) Pago de cotas de urbanización que lle correspondan ó Concello como propietario de terreos afectados por actuacións sistemáticas.*

*F) Obras de urbanización e reurbanización que se leven a cabo en áreas de rehabilitación integrada e que sexan financiadas en parte con cargo ós plans de vivendas.”*

Esta Xerencia comparte plenamente os criterios establecidos como conclusións neste informe solicitado pola Intervención Xeral.

Entendemos que o órgano competente para aprobar os destinos dos recursos provenientes da xestión do Patrimonio Municipal do Solo é a Xunta de Goberno Local, por estar residenciadas “ex lege” neste órgano as competencias de

contratación dos gastos que se afecten ós devanditos recursos (todo elo sin prexuízo das delegacións que existan nos órganos da Xerencia de Urbanismo).

Ademáis entendemos que a proposta á Xunta de Goberno Local debe efectuala o Consello desta Xerencia de Urbanismo, por ser materia da súa competencia (artigo 2 dos vixentes Estatutos) e ter delegadas competencias en materia de contratación.

*En consecuencia, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo a adopción do seguinte acordo....”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

En sesión do 12.02.04 o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo presta conformidade á citada proposta e acorda elevala á Xunta de Goberno para adopción de acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta do Consello da Xerencia municipal, acorda:

1º) As actuacións a realizar con cargo ó patrimonio municipal do solo poderán se-las seguintes:

- 1) Construcción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.
- 2) Conservación e ampliación do propio patrimonio.
- 3) Creación de solo para o exercicio de actividades empresariais compatibles co desenvolvemento sostible.
- 4) Actuacións tendentes á elaboración e execución dos plans urbanísticos, entre as que cabe indicar, coas necesarias adaptacións, as sinaladas nos artigos 132 da LOUGA e 59 a 61 do RGU, entre as que cabe citar as seguintes:

a) Obras de vialidade, incluíndose nelas as de explanación, afirmado e pavimentación de calzadas, construción e encintado de beirarrúas e canalizacións que deban construírse no subsolo da vía pública para servizos.

b) Obras de saneamento, que comprenden colectores xerais e parciais, acometidas, sumidoiros e atarxeas para augas pluviais e estacións depuradoras, na proporción que afecte á unidade de actuación ou polígono.

c) Subministro de auga, no que se incluírán as obras de captación cando fosen necesarias, distribución domiciliaria de auga potable, de rego e de hidrantes contra incendios.

d) Sumministro de enerxía eléctrica, incluídas condución e distribución, e alumeadado público.

e) Xardinería e arborado en parques, xardíns e vías públicas.

f) Indemnizacións debidas ós propietarios e arrendatarios de edificios e construcións de calquera tipo que teñan que derrubarse para a correcta execución do Plan, así como as indemnizacións derivadas de destrución de plantacións, obras e instalacións incompatibles co Plan que se execute.

g) O custo de redacción e tramitación de instrumentos de planeamento e xestión.

h) Os gastos de control de calidade da urbanización.

5) Pago de cotas de urbanización que lle correspondan ó Concello como propietario de terreos afectados por actuacións sistemáticas.

6) Obras de urbanización e reurbanización que se leven a cabo en áreas de rehabilitación integrada e que sexan financiadas en parte con cargo ós plans de vivendas.”

2º) As actuacións enumeradas no punto anterior deberán ser congruentes coa finalidade que xustifica a existencia mesma do patrimonio municipal do solo: regular o mercado a fin de evitar a especulación do solo no marco dos principios rectores da política social e económica que ten que inspirar a actuación dos poderes públicos.

## **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **40(208).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 322/407.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servicios Centrais do 6.02.04, que di o seguinte:

1) *Antecedentes do contrato:*



O Pleno da Corporación, en sesión do día 26 de abril de 2001, aprobou os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas para a contratación por concurso dunha asistencia técnica encargada da redacción da revisión e adaptación do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, cun presuposto de 200.000.000 ptas. (1.202.024,21 euros).

De acordo coa proposta do Consello da Xerencia de 11 de setembro de 2001, o Pleno do Concello do día 24 de setembro de 2001 acorda adjudicar o concurso de asistencia técnica para a contratación da consultoría e asistencia técnica para a revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo á empresa “CONSULTORA GALEGA, SL” (CIF: B36012102) polo prezo de 198.470.000 pesetas (1.192.828,72 euros).

De acordo coas cláusulas quinta e octava do prego de prescricións técnicas, atópase executado o 70% deste contrato, en concreto as seguintes fases:

- 1º) Programa de traballo.
- 2º) Información urbanística. Análise.
- 3º) Documento previo. Diagnóstico.
- 4º) Avance da adaptación do PXOM.
- 5º) Documento apto para aprobación inicial.

Falta, por tanto, na actualidade, segundo o referido prego, a execución do 30% do contrato: as fases sexta e sétima de elaboración do documento apto para aprobación definitiva e do texto refundido ou documento final para a remisión á Consellería de Política Territorial.

## 2) Proposta da Comisión Delegada do Consello da Xerencia.

A Comisión Delegada do Consello da Xerencia é a encargada da dirección xeral dos traballos de redacción do Plan e está integrada por cada ún dos grupos políticos (cláusula 19ª do prego administrativo particular que rexeu esta contratación).

Esta Comisión Delegada, en decembro de 2003, acordou solicitar ó equipo redactor do PXOM unha proposta de desenvolvemento de ordenacións detalladas cos contidos e determinacións esixidos pola Lei 9/2002, de tal xeito que permitisen, unha vez aprobado definitivamente ó Plan Xeral, evitar que nos ámbitos contemplados nesa proposta fose necesario a elaboración, tramitación e aprobación de planeamento de desenvolvemento (plans especiais de reforma interior, esencialmente).

A empresa “Consultora Galega, SL”, encargada da revisión do PXOM de Vigo, presenta ante a Comisión Delegada do Consello da Xerencia de Urbanismo unha proposta de elaboración de ordenacións detalladas para incorporar ó Plan Xeral.

En reunión de 14 de xaneiro deste ano, a Comisión Delegada presta a súa conformidade á proposta do equipo redactor, excluindo 5 ámbitos dos 41 propostos.

En síntese a proposta do equipo redactor é a seguinte:

- 1) Prazo de execución.- As ordenacións detalladas, nos termos esixidos pola Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, deberán ser redactadas antes de la Aprobación Inicial do

Plan, en un período temporal que debe ser completado polo Concello pero que en ningún caso pode ser inferior a cinco meses e medio.

- 2) Ámbitos contemplados.- Trátase de 36 ámbitos cunha superficie total de 2.057.481 metros cuadrados, clasificados en 4 grupos e definidos en base a dous criterios: importancia para a cidade dos ámbitos incluídos e grado de coñecemento ou reflexión que o equipo redactor ten sobre os devanditos ámbitos.
- 3) Avaliación económica.- As avaliacións económicas de honorarios que consideranse necesarios para levar a cabo os ámbitos incluídos en cada Grupo, realízanse a partir dos baremos oficiais do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia 2003, aplicándolles un coeficiente reductor (entre o 0,45 e o 0,60), que multiplicado ás cifras iniciais as minora sensiblemente e que xustificase:

- 1) Por corresponder a unha proposta de conxuntos.
- 2) Por tratarse de ordenacións detalladas e non de Plans Especiais de Reforma Interior.
- 3) Polo grado de coñecemento ou avance de ordenación que xa ten realizado o equipo redactor.

O importe total de honorarios para os 36 ámbitos contemplados polo equipo redactor ascende a 814.893,04 euros, IVA incluído.

Os ámbitos e honorarios propostos son os seguintes:

**GRUPO 1** 1.1 Ámbitos actuais  
de Tomás Alonso e

Nome	Superficie m <sup>2</sup>	Honorarios segundo Baremos	% de Aplicación	Honorarios Propostos
A PASTORA	73.000	52.691	45%	23.711
MANTELAS	56.700	40.926	45%	18.417
RIOBOO	142.400	88.103	45%	39.646
SALGUEIRA	114.600	70.903	45%	31.906
STO TOME DE FREIXEIRO	24.400	20.130	45%	9.059
CHOUZO	102.132	63.189	45%	28.435
ESTURANS	26.062	21.501	45%	9.676
TOMÁS ALONSO 1	114.209	70.661	45%	31.797
TOMÁS ALONSO 2	128.935	93.065	45%	41.879
	782.438	521.170	45%	234.526

1.2 Dequenas

Nome	Superficie	Honorarios segundo Baremos	% de Aplicación	Honorarios Propostos
CHILE	4.611	3.804	45%	1.712
COLOMBIA 2	7.236	5.970	45%	2.686
PURIFICACIÓN SAAVEDRA	10.245	8.452	45%	3.803

1				
CAMPANA	10.378	8.562	45%	3.853
ENTREVÍAS	5.948	4.907	45%	2.208
COTOMONDONGO	11.564	9.540	45%	4.293
PINO-SAN XOSÉ	7.126	5.879	45%	2.646
SAN XOSÉ	4.458	3.678	45%	1.655
TOLEDO 1	12.481	10.297	45%	4.634
EXTREMADURA 1	3.954	3.262	45%	1.468
EXTREMADURA 2	2.055	1.695	45%	763
Total 1.1	80.056	66.046	45%	29.721
TOTAL	862.494	587.216	45%	264.247

GRUPO 2 *Área do Lagares,  
Estación e outros*

Nome	Superficie m <sup>2</sup>	Honorarios segundo Baremos	% de Aplicación	Honorarios Propostos
BARRIOS 1	30.020	22.515	52%	11.708
BARRIOS 2	60.340	39.595	52%	20.589
BARRIOS 3	73.640	48.323	52%	25.128
PONTENOVA	75.100	49.281	52%	25.626
CATABOI	28.570	23.570	52%	12.257
ESPEDRIGADA	110.900	80.048	52%	41.625
BEIRAS	12.700	9.525	52%	4.953
CANADELO	45.270	32.676	52%	16.991
ESTACIÓN	12.340	10.181	52%	5.294
VÍA NORTE	41.763	30.145	52%	15.675
	490.643	345.857	52%	179.846

GRUPO 3 *Antigo Ofimático – Leste de Avda. de Madrid*

Nome	Superficie m <sup>2</sup>	Honorarios segundo Baremos	% de Aplicación	Honorarios Propostos
CEBOLEIRA	16.500	13.613	56%	7.623
ESTACIÓN – CARCERE	72.500	52.331	56%	29.305
OFIMÁTICO	331.544	205.126	56%	114.871
GANDARÓN	108.700	67.253	56%	37.662
TOTAL 3	529.244	338.322	56%	189.460

GRUPO 4 Teis

Nome	Superficie m <sup>2</sup>	Honorarios según Baremos	% de Aplicación	Honorarios Propostos
CORBAL 1	108.800	71.395	60%	42.837
CORBAL 2	66.300	43.506	60%	26.104
TOTAL 4	175.100	114.901	60%	68.940

3) *Financiamento: A financiación deste gasto obterase dos recursos provintes da xestión do Patrimonio Municipal do Solo que se encontran disponibles, e que, no día en que se emite este informe, ascenden a 2.396.928,38 euros. Este importe correspóndese a créditos no comprometidos do exercicio 2003 que son de incorporación obrigatoria ó Orzamento 2004 deste Organismo Autónomo por tratarse de créditos con financiación afectada (artigo 163.3 da Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais).*

*A utilización de recursos provintes do PMS neste suposto encontra a súa xustificación no artigo 177 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, según o informe emitido o 27 de outubro de 2003 polo xefe do Servicio de Recursos e Asesoramento deste Concello por encargo da Interventora Xeral.*

*Neste informe conclúese dicindo que, sempre que se xustifique a vinculación á finalidade xenérica do PMS, as actuacións a realizar con cargo a éste poderían ser, entre outras, a elaboración e execución dos plans urbanísticos. A finalidade do PMS, de acordo co artigo 174 da citada Lei galega 9/2002, é “obter reservas de solo para actuacións de iniciativa pública, facilitar a execución do plan e contribuir á regulación do mercado de terreos destinados ó desenvolvemento urbanístico”.*

*Por outra parte, a elaboración das citadas ordenacións detalladas e súa aprobación posterior, como parte integrante do Plan Xeral, redundará na ampliación do Patrimonio Municipal do Solo (cumpríndose, desta forma o previsto polo artigo 276.2 do Texto Refundido da Lei do Solo estatal).*

*A inicial financiación pública da elaboración das ordenacións detalladas que se incorporarán ó Plan Xeral de Ordenación Municipal, no impedirá que este Concello de Vigo considere esta aportación económica como “entregas a conta” nos futuros costes de urbanización dos ámbitos afectados, especialmente donde é propietario de solo.*

*En consecuencia, a Xerencia Municipal de Urbanismo reservarase a facultade de recuperar este gasto realizado dos seus beneficiarios, é dicir, dos propietarios ou entidades que se constituían para xestionar o solo incluído nos ámbitos desenvolvidos.*

4) *Fundamentos de dereito:*

4.1) *Prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 101 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de decembro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*O prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a contratación desta asistencia técnica establece, na número 23, que “no tocante á modificación do contrato estarase ó disposto no artigo 101 da LCAP”.*

*Este artículo determina que “una vez perfeccionado el contrato, el órgano de contratación sólo podrá introducir modificaciones por razón de interés público en los elementos que lo integran, siempre que sean debidas a necesidades nuevas o causas imprevistas, justificándolo debidamente en el expediente” .*

#### *4.2) Aplicación dos fundamentos de dereito a esta proposta de modificación do contrato:*

*En primer lugar, temos que deixar claro que as “ordenacións detalladas” forman parte do contido postestativo dos Plans Xerais (así se manifesta nos artigos 55.1 e 57.2 da Lei 9/2002) e que no foron esixidas polo prego de prescripcións técnicas (así se reflicte do expresado na súa cláusula 6ª).*

*A decisión da Comisión Delegada de incorporar estas ordenacións detalladas xurde como consecuencia do interés manifestado polos distintos axentes sociais e económicos da cidade, que demandan que a aprobación do Plan Xeral permita a execución inmediata da xestión de solo edificable. Existe, por tanto, un evidente interés público, do que se fai eco os distintos representantes dos grupos políticos.*

*Tendo en conta que o artigo 214.c) do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, prevee como causa de resolución as modificacións do contrato que impliquen, como é o caso, alteracións no prezo do contrato en contía superior ó 20 por cento do precio primitivo, deberá figurar no expediente a conformidade do adxudicatario coa modificación que se propón.*

*5) Órgano competente: Aínda que o contrato principal de revisión do PXOM foi adxudicado polo Pleno da Corporación (sesión de 24 de setembro de 2001), coa entrada en vigor da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, o técnico informante considera competente para aprobar calquera modificación do contrato a Xunta de Goberno Local (artigo 127 da citada Lei 57/2003), sen prexuízo de que a proposta sexa elevada polo Consello da Xerencia.*

Conclúe o informe formulando a proposta que transcribe na parte dispositiva deste acordo, conformada polo Xerente de Urbanismo, o secretario xeral do Pleno e a interventora xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta do xefe dos Servicios Centrais da Xerencia de Urbanismo, acorda:

1º.- Aprobar unha modificación do contrato de consultoría e asistencia técnica de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, cun coste de 814.893,04 euros (IVA incluído), consistente en incluír a ordenación detallada de 36 ámbitos, cunha superficie total de 2.057.481 metros cadrados, segundo a proposta do equipo redactor aprobada pola Comisión Delegada do Consello da Xerencia o 14 de xaneiro de 2004.

2º.- Autorizar este gasto de 814.893,04 euros, con cargo ós créditos disponibles financiados con recursos provintes da xestión do Patrimonio Municipal do Solo, que se incorporarán como remanentes, unha vez aprobada a liquidación do orzamento 2003.

**41(209).-PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA). EXPTE. 5627/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 18.02.04, o documento contable AD polo importe do gasto que conleva o convenio e de acordo co informe-proposta da xefa do Servicio de Educación, do 11.02.93, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º. - Aproba-lo Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA (CIF.G-36743946), segundo o texto que de seguido se transcribe.

2º.- Autorizar o gasto a que da lugar, que supón un custe de 189.095'16.- €. (CENTO OITENTA E NOVE MIL NOVENTA E CINCO CON DEZASEIS EUROS) que se cargarán á partida 422.0.489.00.00 e bolsa de vinculación do presuposto en vigor.

*“CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA)”*

*No Concello de Vigo, o día*

*REÚNESE:*

*Dunha parte:*

*D. Ignacio Javier López-Chaves Castro, Concelleiro-Delegado de Educación do Excmo. Concello de Vigo, que actúa en nome e representación do mesmo, en orde ás atribucións que lle son conferidas.*

*E doutra:*

*Dna. Bertila Fernández Pérez, Presidenta da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca, en representación da mesma.*

*Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio e*

*EXPOÑEN:*

*A aplicación da REFORMA EDUCATIVA, plasmada na LOXSE, Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, proporciona unha ocasión privilexiada para pór en marcha un proxecto de PARTICIPACIÓN ACTIVA de tódolos axentes involucrados na educación, na procura dunha mellor calidade da ensinanza.*

*Un dos principios metodolóxicos da LOXSE, salienta a necesaria participación e colaboración das institucións locais e as ANPAS, para unha mellor consecución dos obxectivos educativos, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia. A Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación contempla no seu capítulo segundo e quinto a necesidade da participación dos pais e nais na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas.*

*A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden a loita por un ENSINO PÚBLICO GRATUÍTO E DA MÁXIMA CALIDADE. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en tódolos órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.*

*Cómpre a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as ANPAS para acadalo desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xurdir no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. A colaboración ten como obxectivo primeiro achega-la xestión pública ós intereses dos cidadáns e cidadás.*

*Para posibilitar a participación real das Anpas é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e comedores das Anpas de ensino infantil e primario pertencentes a esta Federación.*

*Por todo o exposto:*

**ACORDAN:**

*Primeiro.- O Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ó Concello neste ámbito.*

*Segundo.- O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL, do que a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de centros de ensino público de Vigo que represente.*

*Terceiro.- A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que éste ten creados para o desenvolvemento da súa política educativa.*

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global da política que está a levar o Concello en materia educativa e das inquedanzas e propostas destes colectivos.

Cuarto.- A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca comprométese tamén a:

- *afronta-las tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.*
- *desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.*
- *organizar e regula-la realización de actividades extraescolares das Anpas de ensino infantil e primario federadas na Foanpa.*
- *acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante o Departamento de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.*
- *entregar ó Departamento de Educación do Concello de Vigo, no primeiro trimestre do curso escolar, a programación educativa para ese curso.*
- *promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.*

Quinto.- O Concello de Vigo pon á disposición da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca un local no Instituto Municipal de Educación (IME), rúa camiño do Chouzo núm. 2, que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación.

Sexto.- O Concello de Vigo informará anualmente á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca das contías e conceptos asignados ó programa de AUTOXESTIÓN para o mantemento dos centros de ensino público de Vigo.

Sétimo.- O Concello de Vigo comprométese a pagar

- *189.095'16.- €. (CENTO OITENTA E NOVE MIL NOVENTA E CINCO CON DEZASEIS EUROS) pagadeiros en dous prazos o primeiro por importe de 42.070'81€ coa asinatura do convenio e antes de fin de febreiro, o segundo por importe de 104.953.54 a fin de curso e antes dea fin de 30 de xuño, e o terceiro e ultimo por importe de 42.070'81€, antes da fin de novembro, a favor da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca, para facer fronte ás responsabilidades de xestión de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.*

Oitavo.- Esta subvención municipal é compatible con outras aportadas a esta Federación Olívica de ANPAS de Vigo e comarca por organismos públicos ou privados.

Noveno.- A FOANPA xestionará a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e comedores en cada centro de ensino público de Vigo, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da Anpa de cada centro, para mellora-la calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.



*A Concellería de Educación terá como único interlocutor válido no proceso de concesión das referidas subvencións á Foanpa, que asume a responsabilidade de recabar a información sobre o número e as actividades que desenvolven as ANPAS e de recabar e remitir ó Concello toda a documentación necesaria para xustifica-la subvención.*

*Décimo.- As Anpas destinatarias destas subvencións serán todas aquelas de ensino infantil e primario que, como condición indispensable, estén federadas na Foanpa e pertencen a centros situados no termo municipal de Vigo. As actividades obxecto de subvención serán aqueles comedores e actividades extraescolares proxectadas polas referidas Anpas, realizadas e coordinadas por éstas e dirixidas ó alumnado do centro e que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.*

*Décimo primeiro.- Coa firma do convenio constituirase unha comisión de seguemento que realizará o control e seguemento da súa execución, xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizara a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, un/ha Técnico/a do servizo de educación do Concello de Vigo e presidida polo Concelleiro de Educación.*

*En calquera caso, as Anpas beneficiarias das subvencións comprométese a remitir cuberto á Foanpa, para que o estudie a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2004, o formulario contido no anexo I do convenio, xunto coa documentación xustificativa que neste se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguemento do convenio.*

*O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Comisión de Goberno.*

*Décimo segundo.- No desenvolvemento das actividades extraescolares e comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade que deberá facerse íntegramente en galego.*

*Así mesmo comprométese a que na difusión da actividade e na edición de materiais conste a colaboración do Concello de Vigo.*

*Décimo terceiro.- Este convenio terá vixencia desde a data da súa firma ata o 31 de decembro de 2004. Non obstante as partes poderán prorrogar este convenio, mediante acordo expreso, recollendo os importes que se deriven dos preceptivos estudos económicos correspondentes para o seguinte curso.*

*En proba de conformidade os representantes das partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados.*

#### **42(210).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.